



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de marzo de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e dous de marzo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(167).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de marzo de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(168).- SUBVENCÍONS A ORGANIZACÍONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL: CONVOCATORIA DE 2024. EXPTE. 262067/301.

Visto o informe xurídico do 26/01/2024 e o informe de fiscalización do 15/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/01/2024, asinado polo xefe da

Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O Pleno do Concello de Vigo incluiu nos orzamentos xerais do exercicio de 2024 unha aplicación orzamentaria para o desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional desde a Área de Política Social; a nº 2310.480.00.09 (“*Convocatoria subvencións cooperación*”).

I.2. Polo Servizo de Benestar Social elaboráronse unhas Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento destinadas a financiar proxectos de cooperación internacional no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da LXS, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

I.3. Para estes efectos, contouse no seu momento coa valiosa colaboración e as achegas dos integrantes do «Consello Sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade do Concello de Vigo», órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos e que ten carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito de actuación.

I.4. Ó abeiro da convocatoria de 2023 financiáronse un total de cinco proxectos, presentados polas entidades “Fundación Vicente Ferrer”, “Colaboración y esfuerzo”, “Solidaridad educación y desarrollo”, “Asociación Aulas Abiertas comedores escolares” e “Semilla para el cambio”, dirixidos á poboación de países como India, Honduras, El Salvador e Perú, en ámbitos de actuación tales como o dereito a unha vivenda con saneamento, a soberanía alimentaria e o empoderamento das mulleres, a atención e educación infantil e o sostemento de comedores escolares.

II. INFORME

II.1. Os proxectos a desenvolver ó abeiro desta nova convocatoria de axudas enmárcanse igualmente nos obxectivos e metas establecidas na Axenda 2030 das NNUU para o desenvolvemento sostible, que demanda unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas.

II.2. A concesión destas subvencións destinadas á execución de proxectos de cooperación internacional no exercicio de 2024 efectuarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, de acordo coas Bases elaboradas. Estas subvencións están previstas na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 dos vixentes orzamentos municipais (“*Convocatoria subvencións Cooperación*”), destinando a tal fin unha cantidade de 60.000 €.

II.3. A competencia municipal para intervir nesta materia deriva, tal como se xustifica expresamente na Exposición de Motivos das Bases, do previsto tanto na derogada L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de cooperación internacional para o desenvolvemento, como na vixente L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global, na L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, na anterior L.3/2003, do 19



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

de xuño, de Cooperación para o desenvolvemento, de Galicia (na que se consideraba ás entidades locais como “axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento”: Art. 23) e na vixente L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que derogou á precitada L.3/2003, do 19 de xuño e que establece tamén (Art. 98) que as entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos nos que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidade diferenciadas, como a protección dos dereitos sociais básicos, a igualdade de xénero e a educación para a cidadanía global, entre outros.

II.4. En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica estatal e autonómica en materia de cooperación ó desenvolvemento.

II.5. O contido das Bases para a convocatoria de 2024 é idéntico ó do exercicio de 2023, eliminándose unicamente a referencia existente na Base 12ª, Apdo. f), penúltimo pfo., ó carácter subvencionable dos “*gastos de seguros sociais de traballadores en Expedientes de Regulación Temporal de Emprego derivados da pandemia da COVID-19*”, cando no estaban cubertos por outros financiadores.

Nas Bases da convocatoria de 2023 introducíranse dúas novidades salientables que se incorporan tamén agora ás de 2024 e que son as seguintes:

- a) A posibilidade de reformulación de solicitudes para axustar os compromisos e as condicións á proposta de resolución provisional, cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó que figura na solicitude presentada (Base 10ª e Anexo VI).
- b) A previsión expresa da facultade da Comisión Avaliadora dos proxectos de establecer unha nota de corte ou limiar de puntuación, de tal xeito que só se valore a concesión de axudas a aquelas entidades que a superen, “*garantindo deste xeito tanto a calidade dos proxectos subvencionados como a súa viabilidade financeira*” (Base 10ª). En todo caso, esa puntuación mínima ou nota de corte deberá ser publicada na web municipal e constará na Acta da Comisión.

III. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases do programa de «SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACION DE PROXECTOS DE COOPERACION INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2024. CONCELLO DE VIGO (POLITICA SOCIAL)» e os seus Anexos I – VI (Exp. n.º 262067/301).

SEGUNDO: Autorizar o gasto por un importe total de 60.000 € para financiar este programa de subvencions, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 (“*Convocatoria subvencions cooperación*”).

TERCEIRO: Facultar á Concelleira delegada da Área de goberno de Política Social e Turismo para autorizar previamente e de forma expresa as eventuais modificacións dos proxectos subvencionados, dando conta con posterioridade á Xunta de Goberno Local.

CUARTO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remítanse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (“*datos estructurados*”).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GUBERNAMENTAIS DE DESARROLLO (ONGD) PARA LA REALIZACIÓN DE PROYECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL. CONVOCATORIA DE 2024. CONCELO DE VIGO (POLÍTICA SOCIAL).

BASES REGULADORAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A L.1/2023, do 20 de febreiro, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e a Solidariedade Global, posta en relación coa Constitución española de 1978 e os Arts. 2 e 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, habilitan expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de “*cooperación para o desenvolvemento*”, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos.

O lexislador estatal reconece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar ós actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local. Sinala tamén que os actores estatais do sistema español de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

cooperación para o desenvolvemento sostible promoverán a actividade de cooperación dos entes locais e a simplificación de trámites burocráticos para favorecer dito obxectivo e que esta cooperación poderá exercerse tamén a través de fondos municipais de cooperación ou doutras entidades (Art. 37 L.1/2023).

Esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional aparecía xa recoñecida expresamente nas derogadas *L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de cooperación internacional para o desenvolvemento* e *L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento*, na que se consideraba ás Entidades Locais como “*axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento*” (Art. 23) e encomendábaselle á Xunta de Galicia a implementación dunha política activa de colaboración cos concellos galegos, as Deputacións e demais Entidades Locais que destinasen recursos á cooperación para o desenvolvemento, pulando a participación dos concellos galegos en accións de cooperación para o desenvolvemento mediante a aplicación de instrumentos mancomunados como o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, consorcios intermunicipais e outros entes de análogas características (Art. 14.3).

Pola súa banda, a vixente L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que derogou á precitada L.3/2003, do 19 de xuño, establece tamén (Art. 98) que as entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos nos que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidade diferenciadas, como a protección dos dereitos sociais básicos, a igualdade de xénero e a educación para a cidadanía global, entre outros.

Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as Entidades Locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as Entidades Locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

A entrada en vigor da L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. Local (LRSAL), non afectou ó exercicio da competencia municipal nesta materia, por tratarse dunha competencia atribuída con anterioridade ás entidades locais mediante lexislación sectorial estatal (antes: L.23/1998; hoxe: L.1/2023) e autonómica (antes: L.3/2003; hoxe: L.10/2021), plenamente vixente.

Na mesma liña, na L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, sinálase claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás Entidades Locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio...»* (Disp. Adic. 1ª).

II

O Concello de Vigo formou parte desde o ano 1998, como socio de pleno dereito, do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade» (FGCS), acordando por unanimidade (Pleno do 03.08.1998) a súa adhesión, aceptando os seus estatutos e declaración programática e asumindo o compromiso de dotar orzamentariamente unha partida como achega anual con destino ó financiamento de proxectos aprobados polo FGCS. Esta entidade sen ánimo de lucro de carácter municipalista tiña e ten por obxecto desenvolver, desde Galicia, políticas de cooperación e de solidariedade cos países empobrecidos do mundo.

Os seus obxectivos foron expresamente recoñecidos xa na L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, na que se salientaba que a creación deste instrumento mancomunado de participación permitira a asunción por parte do municipalismo galego dunha liña de actuación propia, promovendo a participación en proxectos e programas de cooperación, evitando atomizacións ou duplicidades.

Na actualidade, a L.10/2021, considera ó FGCS como un dos interlocutores permanentes da Administración autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento (Exposición de Motivos e Art. 98.2) e un dos axentes de cooperación para o desenvolvemento (Art. 96.3.a).

Ata o ano 2015 desenvolvéronse, mediante convenios de colaboración entre o Concello de Vigo e o FGCS, diferentes proxectos de cooperación directa en países como Nicaragua, Mozambique ou Cabo Verde, que permitiron levar a cabo programas e actividades de construción de vivendas para persoas sen recursos, de apoio e dinamización de cooperativas de mulleres, medioambientais (xestión de residuos), de turismo rural, agricultura sustentable, etc.

Con todo, na súa sesión ordinaria do 28.09.2015 o Pleno da Corporación adoptou o acordo de solicitar a separación voluntaria do Concello de Vigo do «Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade».



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Así as cousas, fíxose necesaria a elaboración dunhas Bases que regulasen a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para Organizacións Non Gubernamentais de Desenvolvemento destinadas a financiar proxectos de cooperación internacional, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da LXS, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

Para estes efectos, contouse coa valiosa colaboración e as achegas dos integrantes do «Consello Sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade do Concello de Vigo», órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballan no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos e que ten carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito de actuación.

Ó abeiro da convocatoria de 2023 financiáronse un total de cinco proxectos, presentados polas entidades “Fundación Vicente Ferrer”, “Colaboración y esfuerzo”, “Solidaridad educación y desarrollo”, “Asociación Aulas Abiertas comedores escolares” e “Semilla para el cambio”, dirixidos á poboación de países como India, Honduras, El Salvador e Perú, en ámbitos de actuación tales como o dereito a unha vivenda con saneamento, a soberanía alimentaria e o empoderamento das mulleres, a atención e educación infantil e o sostemento de comedores escolares.

Os proxectos a desenvolver ó abeiro desta nova convocatoria de axudas enmárcanse igualmente nos obxectivos e metas establecidas na Axenda 2030 das NNUU para o desenvolvemento sostible, que demanda unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas.

BASES

Base 1ª.- OBXECTO E FINALIDADE

O programa de subvencións destinadas á execución de proxectos de cooperación internacional intégrase no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024-2026 do Concello de Vigo (Liña 1-5: “Cooperación”), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 08.03.2024 (Exp. nº 277/143) e a súa concesión efectuarase segundo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, de acordo coas presentes Bases, que teñen por obxecto regulamentar a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD).

De acordo co PES, os obxectivos estratéxicos que se pretenden lograr con estas subvencións son a mellora da calidade de vida da poboación de países desfavorecidos coa finalidade de

erradicar a pobreza e as desigualdades de toda clase e a atención das necesidades vitais básicas das poboacións en zonas de conflito. Posibilitase a consecución destes obxectivos mediante o financiamento municipal de proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento, solidariedade, promoción e mellora das condicións de vida en países menos desenvolvidos que contribúan a acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible e concretamente a:

a) Satisfacer as necesidades básicas da poboación deses países, entendendo por tales as relacionadas coa alimentación, a vivenda, a saúde, a educación, os servizos sociais e/ou a implantación de pequenas infraestruturas. Estas accións deberán contar cunha certa permanencia ou estabilidade, excluíndose, polo tanto, os proxectos de axuda humanitaria dirixidos a paliar situacións transitorias derivadas de catástrofes ou semellantes.

b) Impulsar e executar accións de desenvolvemento local sostible e autosostido, entendendo como tales as orientadas ó desenvolvemento, á sostibilidade e a atención ás necesidades socio-económicas da poboación (prestación de servizos básicos de luz, auga, transporte, educación, rehabilitación de áreas urbanas...).

Os proxectos que se presenten á convocatoria non poderán conter na súa formulación ningún tipo de discriminación e/ou exclusión e deberán respectar a idiosincrasia da poboación beneficiaria e o seu medio ambiente.

Base 2ª.- PRIORIDADES TRANSVERSAIS DE CONCESIÓN

Para a concesión das subvencións consideraranse prioritarias aquelas accións encadradas nalgún dos seguintes supostos:

a) Que se trate de proxectos a desenvolver nalgúns dos países considerados xeograficamente estratéxicos no Plan Director de Cooperación Galega:

- África: Cabo Verde, Mozambique e Guinea Bissau.
- América do Sur: Bolivia, Ecuador, Perú.
- América Central: El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua.
- Caribe: República Dominicana.

- Os considerados países menos adiantados (PMA) ou cun Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo, recibirán a mesma valoración que os prioritarios, por seren países que precisan dunha especial atención por parte de toda a comunidade internacional.

Así mesmo, terán a consideración de países prioritarios:

- Aqueles onde a cooperación galega ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias como son a poboación saharai, territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- Aqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada ampla experiencia de traballo, como poden ser India ou os países lusófonos.

b) Que se trate de proxectos destinados ós seguintes ámbitos estratéxicos incluídos no Plan Director da Cooperación Galega:

- AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
- AE 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
- AE 3. Impulsar a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.

c) Que incorporen as prioridades transversais da cooperación galega incluídas no Plan Director da Cooperación Galega:

- A erradicación da pobreza multidimensional.
- A equidade de xénero.
- A defensa da sostenibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.
- O enfoque baseado en dereitos humanos.
- O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.
- A equidade e a loita contra as desigualdades.
- A participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

d) Que dean participación á poboación beneficiaria desde a súa elaboración e deseño ata a súa execución e avaliación.

e) Que dean continuidade a proxectos anteriores.

f) Que os proxectos propostos non substitúan a acción do Estado na prestación de servizos públicos.

g) Que contén coa participación dunha contraparte local que actuará como socio da entidade solicitante na execución e xestión dos recursos.

h) Que contén con experiencia no desenvolvemento de proxectos de cooperación internacional.

BASE 3ª. COLECTIVOS PRIORITARIOS

Aínda que a cooperación internacional deba ter un enfoque integral e universalista, existen determinados colectivos que, pola súa situación de especial vulnerabilidade, deben ser obxecto dunha atención preferente, como son:

- As mulleres e nenas.
- A infancia e a mocidade, especialmente fronte á explotación e a exclusión do sistema educativo.
- A poboación refuxiada ou desprazada por razóns de conflito bélico, políticas, económicas, sociais, ambientais, con atención específica ós colectivos de infancia, muller, persoas maiores, persoas con diversidade funcional, etc.
- A poboación indíxena e as minorías étnicas.
- As persoas con diversidade funcional, as persoas enfermas sen recursos, persoas maiores dependentes, etc.

Base 4ª.- ENTIDADES BENEFICIARIAS: REQUISITOS

Poderán solicitar estas subvencións para a realización de proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento e sensibilización social as ORGANIZACIÓNS NON GUBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento ou ter solicitado dita inscrición na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- b) Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- c) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ó desenvolvemento e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades semellantes.
- d) Dispor da estrutura necesaria para garantir o cumprimento dos seus obxectivos, acreditando unha experiencia mínima demostrable de tres (3) anos realizando proxectos coa conseguinte capacidade operativa para isto.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), Concello de Vigo e coa Seguridade Social.
- f) Non estar incurso en prohibición ningunha para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade cos artigos 10 da LSG e 13 da LXS.
- g) Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

h) Identificar ás contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, constando expresamente o seu compromiso no proxecto con convenio ou carta de compromiso.

Base 5ª.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

A convocatoria estará dotada cun orzamento total de 60.000 €, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.09 (“Convocatoria subvencións cooperación”) e á súa bolsa de vinculación.

O Concello de Vigo asumirá, como máximo, o 95% do custo total do proxecto, que deberá ser complementado coa achega do 5% restante, como mínimo. Esta achega pode facerse desde a entidade solicitante, o parceiro local e/ou a poboación beneficiaria, entidades privadas ou outras Administracións públicas. Dita achega poderá ser total ou parcialmente valorizada.

As subvencións concedidas serán dun importe máximo de 15.000 € por cada proxecto subvencionado e admítese a reformulación de solicitudes cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó que figura na solicitude presentada.

Base 6ª.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos.

As solicitudes presentaranse directamente a través do Rexistro electrónico deste Concello ou dos demais previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP). Achegaranse debidamente cubertas segundo o modelo oficial (ANEXO I) aprobado con estas Bases, que estará dispoñible na web municipal www.vigo.org

De se achegar presencialmente a solicitude ou a documentación complementaria, requirirase a súa subsanación mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e a teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da L.38/2003 (LXS), establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións. A tal efecto, as entidades beneficiarias

achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes desde a publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no Taboleiro de Anuncios e Editos da Casa do Concello (<https://accesible-sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/>) e na páxina web www.vigo.org debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

A solicitude deberá vir acompañada da documentación que a seguir se relaciona. Deberá estar plenamente actualizada e redactada en calquera dos idiomas oficiais de Galicia. Se a documentación correspondente á contraparte local figurase nun idioma distinto deberá achegarse a súa tradución.

Base 7ª.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- 1) DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que posúe na entidade solicitante.
- 2) Código de identificación fiscal da entidade.
- 3) Estatutos da entidade onde conste explicitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade.
- 4) Acreditación de estar inscrita ou de ter solicitado a inscrición no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, co compromiso neste último caso de presentala tan pronto como se produza.
- 5) Certificacións acreditativas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Concello de Vigo e coa Seguridade Social.
- 6) Declaración responsable da persoa que ostente a representación legal da entidade, segundo o modelo que figura no ANEXO II destas Bases, acreditativa:
 - Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
 - De non estar inhabilitada ou incurso en prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

A presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ó órgano xestor (Departamento de Benestar Social) para recabar, de ser o caso, a demais información de natureza económica/tributaria que sexa necesaria para tramitala.

7) Proxecto concreto de actuación, que se formulará de acordo co estipulado nas Bases (ANEXO III).

8) Declaración asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade na que conste o compromiso de achegar a diferenza, directamente ou por financiamento de terceiros, entre o custo total do proxecto e a axuda ou subvención, de non solicitarse e aceptarse a reformulación da solicitude (ANEXO I).

9) Certificación bancaria acreditativa do número de conta onde se desexa que se ingrese o importe da subvención.

10) Certificación acreditativa do número de socios/as con que conta a ONGD en Galicia.

11) Carta de compromiso de participación no proxecto por parte da contraparte local, asinada pola persoa que desempeñe a representación legal da entidade.

12) De ser o caso, documentación xustificativa da experiencia no traballo en materia de cooperación internacional.

13) Calquera outra documentación que se considere necesaria.

Base 8ª.- MELLORA DA SOLICITUDE

Se a solicitude presentada pola ONGD non reúne os requisitos establecidos nestas Bases e/ou non achega a documentación indicada ou está incompleta ou ten algún defecto, requiriráselle para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles a achegue, complete e/ou emende as deficiencias observadas; indicándolle que, se así non o fixer, se lle terá por desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

Base 9ª.- NÚMERO DE PROXECTOS

As ONGD solicitantes só poderán presentar un proxecto á convocatoria, axustado ó establecido nestas Bases.

Base 10ª.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas Bases axustarase ó establecido nas de execución dos orzamentos do Concello de Vigo, na LSG, na LXS e na demais normativa aplicable, coas seguintes especificacións:

1.- Órgano instrutor:

a) Composición:

Estará integrado polos técnicos do Departamento de Benestar Social que se designen.

b) Funcións:

- Informar as solicitudes presentadas comprobando que as actividades son subvencionables, as entidades solicitantes cumpren cos requisitos esixidos e a documentación presentada está completa. O órgano instrutor pode solicitar cantos informes considere oportunos para a tramitación do expediente.
- Comunicarlles ós membros da «Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento» que os expedientes están preparados para que poidan examinalos. Os seus membros disporán dun prazo mínimo de dez (10) días hábiles para estudar os proxectos.
- Formular á Xunta de Goberno Local, con base na avaliación dos proxectos realizada pola Comisión, a proposta de resolución definitiva que proceda desta convocatoria de subvencións.

2.- «Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento»:

a) Composición:

Estará integrada polos seguintes membros:

- A Concelleira de Política Social, que ostentará a Presidencia.
- O Xefe de Área de Benestar Social ou o/a técnico/a municipal da Área que se designe.
- A Xefa do Servizo de Benestar Social ou o/a técnico/a municipal da Área que se designe.
- Un/unha funcionario/a de carreira do Concello, que actuará como Secretario/a, con voz pero sen voto.

O «Consello sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade» poderá designar, a pedimento da súa Presidenta, dous/dúas asesores/as expertos/as no proceso de avaliación dos proxectos.

b) Funcións:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

A avaliación das solicitudes, realizando o estudo, seguimento e valoración dos proxectos presentados aplicando os criterios e coeficientes recollidos nestas Bases.

c) Proposta de resolución e órgano competente para resolver:

A Comisión Avaliadora realizará a valoración individualizada de todos os proxectos presentados á convocatoria de acordo cos criterios establecidos nestas Bases. da que deixará constancia na correspondente Acta. O resultado desa avaliación reflectirase nunha relación de entidades solicitantes que se propón para a concesión de subvencións, ordenada en función da puntuación acadada, de maior a menor, e con expresión das correspondentes contías, que serán proporcionais á puntuación obtida.

A Comisión queda facultada para establecer xustificadamente unha nota de corte ou limiar de puntuación, de tal xeito que só se valore a concesión de axudas a aquelas entidades que a superen, garantindo deste xeito tanto a calidade dos proxectos subvencionados como a súa viabilidade financeira. Esa puntuación mínima ou nota de corte deberá ser publicada na web municipal e constará na Acta da Comisión.

O Órgano Instrutor, á vista do expediente e da Acta da Comisión Avaliadora formulará unha proposta de resolución provisional, que será publicada na sede electrónica do Concello de Vigo para que as entidades propostas como beneficiarias comuniquen por escrito a súa aceptación ou renuncia no prazo máximo de dez (10) días e, de ser o caso, reformulen a súa solicitude para axustar os compromisos e as condicións á proposta de resolución, cando o importe da subvención proposta sexa inferior ó que figura na solicitude presentada.

De non recibirse a aceptación dentro do prazo sinalado, entenderase a renuncia da entidade.

Para a reformulación de solicitudes utilizarase o modelo de declaración responsable contido no ANEXO VI, sen prexuízo da achega da demais documentación que se estime necesaria.

Esa eventual reformulación incluírá, entre outras cuestións que procedan, a adaptación do orzamento presentado á contía da subvención proposta e poderá implicar unha redución do cofinanciamento previsto na mesma proporción cá redución na subvención solicitada. A reformulación da solicitude vinculará en todos os seus extremos á entidade solicitante e non poderá incluír contidos nin actuacións non previstas na solicitude inicial.

Recibida a solicitude reformulada, de ser o caso, e a aceptación da subvención, unha vez que esa reformulación sexa aprobada pola Comisión Avaliadora, remitirase ó órgano competente para a súa resolución (Xunta de Goberno Local).

A proposta de resolución definitiva non crea dereito ningún a favor das entidades propostas fronte á Administración mentres non lles sexa notificada formalmente a resolución de concesión. A proposta de resolución provisional terá carácter de proposta de resolución

definitiva, cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados.

d) Prazo para resolver:

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda. A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo.

e) Publicidade das subvencións concedidas:

Unha vez resolto o procedemento, publicarase na/s sección/s correspondentes da web municipal a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Base 11ª.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

a) Experiencia da ONG ou asociación solicitante e da contraparte (de 0 a 18 Ptos.):

- Número de proxectos realizados pola ONGD solicitante: de dous a catro proxectos nos últimos tres anos, 2 puntos. Cinco ou máis proxectos nos últimos tres anos, 4 puntos.
- Experiencia na zona/país da ONGD solicitante. Presencia acreditada no país, con proxectos nos últimos tres anos, 4 puntos.
- Experiencia de traballo conxunto entre a ONGD e a contraparte, concretada en proxectos, actividades, campañas, etc.: ata dous anos de experiencia previa coa contraparte, 1 punto; dous anos de experiencia, 2 puntos; tres ou máis anos, 4 puntos.
- Experiencia no sector de actuación da ONGD solicitante e da contraparte. Tres ou máis proxectos no sector de actuación (tanto da ONGD solicitante como da contraparte) nos últimos tres anos, 2 puntos. Cinco ou máis proxectos no sector de actuación (entre as dúas, a ONG solicitante e a contraparte) nos últimos tres anos, 4 puntos.
- Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, e compromiso de mantela aberta durante alomenos un (1) ano despois da finalización do proxecto. A estes efectos, entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente de organización, xa sexa contratado ou



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

voluntario e local fixo para a realización de actividades e/ou aquelas que acrediten a realización de actividades en Galicia, 2 ptos.

b) Número de persoas beneficiarias do proxecto (de 0 a 6 Ptos.):

- De 10 a 20 persoas, 2 puntos.
- De 21 a 40 persoas: 4 puntos.
- Máis de 41 persoas: 6 puntos.

c) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades sinaladas na Base 2ª, apdos. a), b) e c) (de 0 a 25 Ptos.):

- Proxectos a desenvolver nos países considerados xeograficamente estratéxicos no Plan Director de Cooperación Galega (África: Cabo Verde, Mozambique e Guinea Bissau; América do Sur: Bolivia, Ecuador, Perú; América Central: El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua; Caribe: República Dominicana), nos considerados países menos adiantados (PMA) ou cun Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo, naqueles onde a cooperación galega ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e países afectados por conflitos ou crises humanitarias como son a poboación saharai, territorios palestinos, Haití ou outros cuxo contexto xustifique a intervención ou naqueles países nos que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada ampla experiencia de traballo, como poden ser India ou os países lusófonos, 13 puntos.
- Proxectos dirixidos á mellora dos ámbitos estratéxicos do Plan Director da Cooperación Galega, 8,50 puntos.
- Incorporación das liñas transversais recollidas na Base 2ª, apdo. c), Ata 3,5 puntos (0,5 puntos por cada liña).

d) Contribución ó desenvolvemento integral (de 0 a 6 Ptos.):

- Que formen parte dun programa de desenvolvemento máis amplo. Valorarase moi especialmente a inserción do proxecto nas estratexias públicas de desenvolvemento do país beneficiario, 4 puntos.
- Apoio ó proxecto por institucións ou Administracións públicas, 2 puntos.

e) Garantías de viabilidade, coherencia interna e sostibilidade do proxecto (de 0 a 35 Ptos.):

- Información e coherencia entre obxectivos, actividades e resultados do proxecto, 7 puntos.
- Claridade de obxectivos e da metodoloxía proposta para acadalos, 7 puntos.
- Rigoroso detalle orzamentario e coherencia del cos obxectivos do proxecto, 7 puntos.
- Inclusión de indicadores precisos e realistas que sirvan para facer o seguimento e avaliación do proxecto, 7 puntos.

- Que o proxecto conte con accións que fomenten a sostibilidade unha vez executado o mesmo, 7 puntos.

f) Poboación destinataria (de 0 a 10 Ptos.):

- Poboación beneficiaria claramente definida (identificada, cuantificada e caracterizada), 2 puntos.
- Criterios para a selección dos destinatarios, 2 puntos.
- Grao de participación nas fases do proxecto, 2 puntos.
- Inclusión dos seguintes colectivos vulnerables: infancia, muller, comunidades indíxenas e persoas refuxiadas, ata 4 puntos (1 punto por cada colectivo).

Base 12ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

12.1. Gastos subvencionables:

1. Serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos do proxecto.

2. Entenderase por “*custos directos*” aqueles que son imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención e que financian a consecución dos obxectivos:

a) Aquellos derivados da identificación con perspectiva de xénero da intervención no terreo. Así mesmo, aqueles gastos derivados da elaboración de liñas de base, sempre que se realicen no prazo dos tres (3) primeiros meses de execución do proxecto.

O importe máximo aplicable por este concepto non poderá superar o 6% do orzamento total do proxecto.

b) Terreos e inmobles no país de execución do proxecto (inclúe compra ou aluguer). No suposto de adquisición de bens inmobles, inclúe os gastos necesarios para a compra de terreos e inmobles e a súa inscrición legal nos rexistros locais de propiedade (impostos, taxas, gastos notariais, licenzas, etc.). Debe achegarse un certificado de tasador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial.

Non se imputarán nesta partida os gastos de aluguer ou adquisición da vivenda do persoal expatriado nin dos locais ou sedes da entidade beneficiaria ou socio local. O aluguer dos locais da entidade beneficiaria en terreo ou do socio local imputaranse, de ser o caso, na partida de funcionamento.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

c) Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas: inclúe a elaboración do proxecto, planos e estudos técnicos, man de obra, dirección de obra, licenzas e taxas, materiais de construción e transporte dos mesmos, obras de acceso e instalacións de auga, eléctricas e de saneamento, construción de pozos e sistemas de regadíos, etc. No caso de que a man de obra ligada a estas tarefas sexa achegada pola contraparte local ou a poboación beneficiaria, só se aceptará a súa valoración de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local. Nos gastos imputados á construción de inmobles deberá especificarse o réxime de propiedade e a titularidade.

Non se imputarán gastos por reformas ou reparacións na vivenda do persoal expatriado nin en locais ou sedes da entidade beneficiaria ou contraparte local.

d) Equipamentos e materiais.

Considerarase equipamento e materiais inventariables a adquisición de elementos de inmovilizado, distintos a terreos e edificios, afectos á actividade subvencionada, como maquinaria, mobiliario, equipamentos informáticos (*hardware* e *software*), dotación de bibliotecas e outros equipamentos. Nese concepto inclúense os gastos derivados do envío, traslado e posta en funcionamento dos equipamentos, taxas aduaneiras ou portuarias, etc. Así mesmo, no caso de proxectos produtivos inclúese tamén a adquisición de animais, árbores, sementes etc., o seu transporte e almacenamento.

Considéranse materiais consumibles os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano; por exemplo, material de escritorio, informático, de formación, libros, materiais didácticos, materiais sanitarios, reprografía e imprenta, reparacións e mantemento de maquinaria, utensilios, etc. Tamén se inclúen o aluguer da maquinaria, instalacións e as ferramentas necesarias para a execución da intervención.

e) Adquisición de medios de transporte de dúas rodas e de vehículos especializados e vinculados coa actividade subvencionada (ambulancias, cisternas de auga, tractores, etc).

f) Persoal:

- “*Persoal expatriado*”: é aquel persoal da entidade española sometido á lexislación española que presta os seus servizos no país onde se executa a intervención obxecto da subvención e cuxas funcións e tarefas están directamente relacionadas con aquela. Para o envío de persoas expatriadas achegarase unha memoria xustificativa da súa necesidade e marcaranse os criterios de aptitude e cualificación requiridos para a correcta realización da acción, a duración e a descrición de tarefas.
- “*Persoal local*”: é aquel persoal da contraparte ou socio local ou contratado ó servizo do proxecto sometido á lexislación laboral do país onde se executa a intervención obxecto de subvención e no que presta os seus servizos, de acordo co réxime laboral correspondente ás súas funcións e desempeño, estando as súas funcións e tarefas

directamente relacionadas coa intervención. Deberá acreditarse documentalmente o salario medio para ese tipo de contrato no país ou zona onde se execute o proxecto.

- “*Persoal en sede*”: aquel da entidade sometido á lexislación española, que presta os seus servizos no noso país, con independencia de que por razón das súas funcións teña que desprazarse, ocasional ou regularmente, ós países de execución, e cuxas funcións e tarefas están imputadas á posta en execución e seguimento da intervención obxecto da subvención. En todos os casos a imputación poderá ser total ou parcial en función da dedicación. A entidade solicitante deberá recorrer, na medida do posible, ós recursos humanos locais.

Os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios, seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto á intervención, finiquitos (en proporción ós meses de imputación ó proxecto) así como calquera outro seguro que se subscriba a nome do persoal ou da súa familia en primeiro grao. No caso de imputar como gasto as pagas extras, deberá realizarse en proporción ós meses que o persoal está imputado ó proxecto.

O importe máximo aplicable por este concepto non poderá superar o 70% do orzamento total do proxecto.

g) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, control de xestión ou outras necesidades contempladas na formulación da intervención (distintos ós de identificación, elaboración de liñas de base, avaliación e auditoría que se imputan nas súas partidas correspondentes).

Incluiranse, como achega das entidades solicitantes, os aportes valorizados do traballo do seu persoal voluntario para realizar os servizos previstos nesta partida.

Tamén se incluírán os gastos derivados de pólizas de seguros de accidente, enfermidade e de responsabilidade civil subscritos a favor do voluntariado da organización que non perciban contraprestación económica e que participen directamente nos proxectos subvencionados e calquera outro gasto no que puidesen incurrir e que estea directamente relacionado coa intervención.

As bolsas de formación que consistan no pago da matrícula ou entrega monetaria inclúense neste punto. As bolsas de transporte, alimentación ou material incluíranse no epígrafe que corresponda segundo o obxecto da bolsa.

h) Funcionamento no terreo: gastos correntes de funcionamento no país de execución vencellados á execución do proxecto. Inclúense o aluguer de oficinas, electricidade, auga, comunicacións, papelería ou outros gastos de oficina, limpeza, mantemento e seguridade (incluídos os gastos do persoal vinculado a estas actividades), ata un máximo do 4 % do orzamento do proxecto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

i) Viaxes, aloxamento e axudas de custo. Inclúense, entre outros, os gastos vinculados á mobilidade individual ou colectiva do persoal (local, expatriado e en sede), dos/as voluntarios/as e das persoas beneficiarias, necesarios para a execución da intervención (incluíndo combustible, seguros, aluguer e mantemento de vehículos), así como o aloxamento, manutención dos participantes en formacións e capacitacións e, de ser necesarios, os incentivos (monetarios e en especie) ós beneficiarios dos proxectos que sexan membros de comités, redes ou semellantes, necesarios para a boa execución do proxecto.

j) Avaliación externa con enfoque de xénero que se contemple no documento de formulación do proxecto que acompañará á solicitude de subvención. A avaliación externa deberá ser realizada por persoa ou entidade de recoñecida experiencia en España ou no país de execución do proxecto, para o que se acreditará a súa solvencia e experiencia na realización destas avaliacións, xuntando a documentación que xustifique a mesma.

k) Auditoría contable.

l) Fondo rotatorio: enténdese por tal a cantidade económica que se emprega como empréstimos directos ou en especie ás persoas beneficiarias, que deben ser devoltos por elas nas condicións contractuais que se establezan, destinadas a garantir a súa devolución.

Achegaranse, en todo caso, as normas de funcionamento do fondo. Inclúense os gastos de funcionamento, administración e xestión do fondo.

m) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os gastos rexistrais e periciais para a realización do proxecto son subvencionables sempre que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a axeitada preparación ou execución desta e sempre que non deriven de malas prácticas ou incumprimentos legais. Gastos bancarios producidos por conta do proxecto e os gastos derivados das transferencias bancarias dos fondos ó país de execución do proxecto; os derivados da compulsa de documentos por parte de notarios, autoridades locais ou servizos consulares españois e os gastos de tradución de documentos cando se require na convocatoria.

3. “*Custos indirectos*”: son os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante e da contraparte ou socio local para o sostemento da execución do proxecto, así como da difusión da execución e do seguimento do proxecto. A porcentaxe máxima aplicable a este concepto será de ata o 10% do importe total do orzamento do proxecto.

Estes gastos imputaranse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales importes correspondan ó período en que efectivamente se realiza a actividade.

O dito gasto imputarase dentro do período de execución da intervención e será acreditado perante o Concello de Vigo pola entidade solicitante mediante unha declaración responsable da persoa que ostente a representación legal.

4. Aceptaranse, por parte da entidade solicitante, as achegas en especie ou as valorizacións nos seguintes conceptos:

a) Aqueles derivados da identificación con perspectiva de xénero da intervención no terreo. Así mesmo, aqueles gastos derivados da elaboración de liñas de base, sempre que se realicen no prazo dos tres (3) primeiros meses de execución do proxecto.

b) Persoal voluntario: deberase presentar unha estimación xustificada das horas de traballo voluntario que se achegan en cada actividade e o custo suposto (que non deberá exceder de 20 €/hora). Todo traballo voluntario realizarase baixo a forma de contrato privado, no que se especifiquen as responsabilidades, deberes e dereitos de cada unha das partes, destacando o papel do/a voluntario/a no proxecto. No contrato debe constar o nome, apelidos e documento de identidade da persoa voluntaria.

5. Como “*achegas locais*” pódense aceptar, en concepto de gastos susceptibles de axuda, valorizacións, sempre que estean suficientemente acreditadas e intrinsecamente vinculadas, de maneira exclusiva ou proporcional, á intervención que ten que desenvolverse.

Para estes efectos, considéranse “*valorizacións*” as achegas de terreos, locais, equipamentos, materiais e servizos por parte da poboación beneficiaria final, socios locais e outras entidades locais distintas das beneficiarias, así como tamén a man de obra das persoas beneficiarias finais directamente vinculadas á execución das actividades orzamentadas e que, en caso de terreos, locais ou equipamentos, vaian ser transferidas definitivamente cando acabe a execución, xunto co resto de bens adquiridos con cargo ó proxecto obxecto de axuda. Tamén poden valorarse os bens, persoal voluntario da contraparte ou socio local e os locais postos temporalmente a disposición da execución directa do proxecto, por un importe equivalente ó aluguer destes durante o tempo no que sexan utilizados dentro do prazo de execución.

As valorizacións acreditaranse cun certificado da contraparte ou socio local, da poboación beneficiaria final do proxecto ou da entidade que achegue os bens e servizos.

Neste certificado, ou nun documento anexo, describirase e cuantificarase a achega, con indicación do número de unidades, horas de traballo, prezos unitarios (se corresponde) e a valoración total.

As valorizacións axustaranse ós prezos de mercado local e, no caso de equipamentos e bens, deben ter en conta a antigüidade.

6. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, deberán quedar formalmente vinculados, durante dez (10) anos os bens inscribibles nun rexistro público e durante cinco (5) anos o resto de bens, ós fins das actuacións realizadas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Unha vez rematen estas, deberán ser transferidos a unha Administración pública do país beneficiario ou a unha contraparte local que se faga responsable da súa utilización para o fin creado e do seu correcto mantemento. Tal cesión deberá documentarse a través de escritura pública.

No suposto dos bens inscribibles nun rexistro público, deberase facer constar na escritura pública a circunstancia da afectación e o período polo que se afectan os bens, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente. O Concello de Vigo deberá autorizar previamente tal cesión.

O incumprimento da obriga de destino, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos na lei.

12.2. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os elementos de transporte externos, a excepción dos vehículos de dúas rodas e vehículos especializados como ambulancias, cisternas de auga, tractores, etc.
- Os gastos de aluguer ou adquisición da vivenda do persoal expatriado
- Os xuros debedores das contas bancarias
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais de procedementos xudiciais
- As amortizacións de bens inventariables
- Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, frores, entradas a espectáculos, etc.)
- Os billetes de avión en primeira ou en clase preferente
- As liquidacións por despido do persoal.

Base 13ª.- PRAZO DE REALIZACIÓN

Os proxectos deberán estar rematados no ano 2024 e xustificados os gastos nos termos previstos nestas Bases.

Base 14ª.- COMPATIBILIDADES

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para o mesmo fin procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 95% do custo do proxecto. O 5% do gasto total do proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola entidade, contraparte local, outras Administracións públicas e/ou os/as beneficiarios/as.

No caso de que as achegas públicas superasen o 95% do custo do proxecto, a entidade beneficiaria deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Vigo na cantidade que exceda esa porcentaxe.

Base 15ª.- MODIFICACIÓN DO CONTIDO DO PROXECTO

Unha vez recaída a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do contido do proxecto sempre que responda a causas sobrevidas debidamente xustificadas e se cumbran de xeito acumulativo os seguintes requisitos:

- Non puideran terse en conta no momento da presentación deste.
- Respecten o seu contido esencial aínda que alteren a súa realización nalgún aspecto.
- Se presenten inmediatamente despois de producidas e coñecidas e, en todo caso, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Será necesaria a autorización previa e expresa do Concello de Vigo para calquera modificación do proxecto. As solicitudes de modificación deberán estar suficientemente motivadas e ser autorizadas pola Xunta de Goberno Local ou, por delegación deste órgano, na Concelleira de Política Social, dando conta ó órgano delegante.

Base 16ª.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Tendo en conta as características dos proxectos subvencionados (enmarcables nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e das propias entidades beneficiarias, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

Base 17ª.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO

17.1. A xustificación do gasto no ano 2024 realizarase mediante a presentación dun informe de seguimento integrado polos seguintes documentos:

- a) Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade acreditativa da execución do proxecto de conformidade co previsto e da aplicación dos fondos ó fin predeterminado.
- b) Informe sobre o estado de execución do proxecto, que deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnica-económica do proxecto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

17.2. Para a xustificación final do proxecto e co fin de acreditar a realización total das actividades así como a finalidade para a que se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª) Xustificación técnica. Indicará co máximo detalle os obxectivos acadados, os resultados obtidos, as actividades realizadas, o proceso de transferencia e a xestión das intervencións tra-la súa finalización, así como a análise da súa sustentabilidade futura.

2ª) Xustificación económica. Comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e se realizará mediante a forma de conta xustificativa, que incluírá a declaración das actividades realizadas e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados.

A xustificación técnica incluírá:

- Certificación da persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- Informe final de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinado pola persoa responsable da xestión técnico-económica do proxecto.
- Avaliación externa, de ser o caso.

A xustificación económica comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida. A conta xustificativa poderá ser:

1. Conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos, que incluírá:

a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e na que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.

b) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado, segundo o modelo que figura como ANEXO II.

c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.

d) Facturas ou documentos xustificativos dos gastos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

2. Conta xustificativa con entrega de informe de auditor/a, que incluirá:

a) Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e na que se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada pola persoa que ostente a representación legal da entidade beneficiaria.

b) Declaración responsable do representante legal da entidade, complementaria e actualizada, doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o proxecto subvencionado, segundo o modelo que figura como ANEXO II.

c) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor das mesmas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.

d) Informe do/a auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española.

No caso de que o informe sobre a conta xustificativa por parte dun/ha auditor/a de contas se produza no estranxeiro, poderá ser realizada por auditores/as exercentes no país onde se leve a cabo, sempre que no país de referencia exista un réxime de habilitación para o exercicio da actividade de auditoría de contas. De non existir, o informe poderá ser realizado por un/ha auditor/a establecido/a no mesmo, sempre que a súa designación a leve a cabo o órgano concedente, ou sexa ratificada por este a proposta do beneficiario, consonte cuns criterios técnicos que garantan a adecuada calidade.

A presentación da auditoría coma forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola normativa aplicable.

17.3. De xeito excepcional, para aquelas actuacións cuxa execución se vexa afectada por contextos sobrevenidos de desastres naturais, conflito armado, pandemias ou crises humanitarias que dificulten ou mesmo imposibiliten dispor da adecuada documentación soporte xustificativa do gasto, poderase aplicar un procedemento extraordinario de xustificación económica, previa comunicación e autorización do órgano xestor, consistente na entrega dunha declaración responsable da entidade beneficiaria da subvención na que se certifique o envío dos fondos e a realización da intervención concreta, sen que sexa preciso achegar máis xustificantes.

17.4. Cando no proxecto concorran diversas subvencións e axudas procedentes doutras Administracións, a entidade beneficiaria terá que xustificar perante o Concello de Vigo o



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

importe do gasto subvencionado, ademais das achegas propias e de terceiros financiadores que no sexan Administración pública.

En relación coas achegas doutras Administracións públicas, unicamente terá que acreditarse a aplicación dos fondos ás actividades previstas, para o que será suficiente a acreditación mediante certificados que emitan as outras Administracións públicas que financiaron o proxecto.

No caso de non xustificar a totalidade do proxecto o importe da subvención concedida reducirase na mesma proporción na que se reduza a cantidade xustificada a respecto do orzamento total presentado. O importe resultante poderá ser devolto de forma voluntaria consonte co establecido nestas Bases.

17.5. No suposto de adquisición de bens inmobles, deberá achegarse certificado de tasador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial.

17.6. A entidade beneficiaria terá que conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de catro (4) anos dende a presentación da xustificación final do proxecto. Os xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo e dos órganos de control establecidos pola normativa vixente para que poidan realizar as actuacións de comprobación e fiscalización que procedan.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

17.7. Se a xustificación, parcial ou total, dos proxectos non estivese completa ou presentase defectos, para a emenda dos mesmos e para a entrega da documentación complementaria requirida polo órgano que efectuase a revisión, establécese un prazo de 15 días que poderá ser ampliado xustificadamente polo Concello polo tempo mínimo necesario atendendo ás especiais dificultades de obtela no país de execución do proxecto e de enviala a España.

As consecuencias do posible incumprimento dos prazos de xustificación por parte das entidades beneficiarias serán as previstas expresamente no Art. 70.3 do RD.887/2006, do 21 de xuño (Regulamento da Lei xeral de subvencións).

17.8. O Informe de seguimento e a demais documentación relacionada na Base 17ª, Apdo. 17.1, deberá presentarse antes do 01 de novembro de 2024. A xustificación final do proxecto,

co informe final e a xustificación técnica e económica prevista na Base 17ª, Apdo. 17.2, poderá presentarse dentro do 1º trimestre do ano seguinte.

Base 18ª.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Serán obrigas das entidades beneficiarias as sinaladas especificamente nos artigos 11 da LSG e 14 da LXS e as demais previstas na restante normativa aplicable.

As entidades beneficiarias obríganse a dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento municipal do proxecto en todas as actividades e comunicacións que realicen (previa conformidade da Concellería de Política Social), facendo constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo e comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.

Deberán incorporar de forma visible en todas as accións derivadas do proxecto subvencionado (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade, etc.) os logotipos oficiais do Concello de Vigo – Concellería de Política Social, todo isto en formato duradeiro e material resistente, para a debida difusión da orixe da subvención. Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, o do Concello de Vigo deberá figurar co mesmo tamaño e en iguais condicións de seguridade.

Así mesmo, as entidades beneficiarias comprométese a presentar perante o «Consello sectorial de Cooperación Internacional e Solidariedade» os proxectos financiados así como a colaborar e participar, a requirimento municipal, nos actos públicos de presentación e explicación dos proxectos subvencionados que se poidan organizar a fin de acadar unha maior visibilidade da importancia da cooperación internacional desde os concellos e o papel activo asumido polo Concello de Vigo.

Base 19ª.- REINTEGRO POR INCUMPRIMENTO

As entidades beneficiarias que incorresen en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditasen, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberán proceder ó reintegro da totalidade das mesmas no caso de incumprimento pleno ou á parte proporcional no caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas ou penais que procedan.

Así mesmo, deberán reintegrar as subvencións nos demais supostos de reintegro previstos nestas Bases reguladoras e na demais normativa de aplicación.

Base 20ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, os datos das entidades beneficiarias e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social.

A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión destas subvencións a proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades beneficiarias e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable.

As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo).

Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Base 21ª.- REMISIÓN NORMATIVA

En todo aquilo non previsto nestas Bases, será de aplicación a L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia , a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. Terase en conta tamén, como marco xeral de referencia, o RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.

BASE 22ª.- RECURSOS

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

ANEXO I SOLICITUDE

*Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2024.
Concello de Vigo (Política Social)*

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

- NOME
- NIF
- ENDEREZO
- C.P.
- CONCELLO
- PROVINCIA
- TELÉFONO 1
- TELÉFONO 2
- CORREO ELECTRÓNICO
- DATA CONSTITUCIÓN
- DATA INSCRIPCIÓN/SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO GALEGO DE AXENTES DE COOP. PARA O DESENVOLVEMENTO
- Nº REXISTRO DA ENTIDADE

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):

- NOME
- APELIDOS
- DNI

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior):

- ENDEREZO
- C.P.
- CONCELLO
- PROVINCIA
- TELÉFONO 1
- TELÉFONO 2
- CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO PROXECTO:

TÍTULO DO PROXECTO



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

PAÍS	NOME DA CONTRAPARTE OU SOCIO LOCAL	CÓDIGO DO SECTOR E SUBSECTOR CAD
PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO	DATA INICIO (mes/ano)	DATA FINALIZACIÓN (mes/ano)
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA (en euros)	% COFINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO

FINANCIAMENTO DO PROXECTO EN EUROS:

	ENTIDADE	IMPORTE	% SOBRE O CUSTO TO- TAL
CUSTO TOTAL			
SUBVENCIÓN SOLICITADA			
APORTACIÓN ENTIDADE SOLICITANTE			
APORTACIÓN SOCIO LOCAL			
OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS			
OUTRAS ACHEGAS PRIVADAS			

DATOS DA/S PERSOA/S RESPONSABLE/S DO PROXECTO:

- NOME DA PERSOA RESPONSABLE DA XESTIÓN DO PROXECTO
- CARGO
- TELÉFONO 1
- TELÉFONO 2
- CORREO ELECTRÓNICO
- NOME DA PERSOA RESPONSABLE LOCAL DO PROXECTO
- CARGO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que acepta o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto solicitado así como as condicións e obrigas establecidas nas bases que rexen a convocatoria da subvención.

3. Que, de non solicitarse e aceptarse a reformulación da solicitude, se compromete a achegar a diferenza directamente ou por financiamento de terceiras persoas entre o custo total do proxecto e a axuda ou subvención recibida.
4. Que autoriza ó Concello de Vigo para consultar a documentación indicada anteriormente e para realizar as comprobacións oportunas e recabar os documentos e certificados necesarios para a tramitación da solicitude de subvención.

Asdo: (O/A RPTE. LEGAL DA ENTIDADE)

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade a sí como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Xúntase a esta solicitude a documentación sinalada que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS.

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- DNI da persoa solicitante.
- Documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- NIF/CIF da asociación, fundación ou entidade que representa.
- Estatutos ou documentos acreditativos da personalidade xurídica da entidade.
- Memoria da organización na que se inclúan outros proxectos de cooperación para o desenvolvemento nos que participase, así como experiencia acadada na zona e no sector de actuación do proxecto (como mínimo dos tres últimos anos).
- Copia das contas anuais da entidade (ingresos de carácter público e privado e gastos) da última liquidación do orzamento rendida e aprobada polo órgano competente da entidade, en formato dixital.
- Memoria de actividades e traballos da contraparte, onde se inclúan outros proxectos de cooperación para o desenvolvemento nos que participase así como experiencia acadada na zona e no sector de actuación do proxecto (como mínimo dos tres últimos anos).
- Acreditación de inscrición no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- Declaración responsable de non estar inhabilitado/a ou incurso/a en prohibición (ANEXO II).
- Proxecto subvencionado (ANEXO III).
- Certificación dos datos bancarios.
- Certificacións acreditativas:
 - Do número de socios/as con que conta a ONGD en Galicia.
 - De estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo e coa Seguridade Social.
- Carta de compromiso de participación no proxecto por parte da contraparte local, asinada pola persoa que posúa a representación legal da entidade.

Outra documentación:

- Carta de apoio ó proxecto por institucións ou Administracións públicas locais.
-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA SOLICITAR A SUBVENCIÓN

Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2024.
Concello de Vigo (Política Social)

D/D^a....., con DNI núm., en calidade de da entidade, con NIF, solicitante dunha subvención ó abeiro da convocatoria de subvencións para proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento 2024. Concello de Vigo (Política Social),

DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para o proxecto (*marcar cun “X” o que proceda*):

- Non solicitou ningunha outra axuda de Administracións ou entidades públicas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Solicitou e/ou se lle concedeu algunha subvención de Administracións ou entidades públicas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

Admón./Organismo	Importe

2. Que o proxecto para o que se solicita subvención vaise executar nos termos establecidos no proxecto que se presenta.

3. Que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións previstas nos artigos 10 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 13 da L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Asdo: (O/A RPTE. LEGAL DA ENTIDADE)

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

S.ord.22/03/2024

ANEXO III DOCUMENTO DE FORMULACIÓN

*Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2024.
Concello de Vigo (Política Social)*

SECCIÓN A - PRESENTACIÓN DO PROXECTO.

A.1. DATOS DO PROXECTO:

- TÍTULO DO PROXECTO:
- CÓDIGO SECTOR DE ACTIVIDADE.
- PERÍODO DE EXECUCIÓN. DATA DE INICIO E DE FINALIZACIÓN. DURACIÓN (MESES)
- PAÍS/ÁREA XEOGRÁFICA DE ACTUACIÓN
- ORZAMENTO TOTAL
- SUBVENCIÓN SOLICITADA Ó CONCELLO DE VIGO
- % DE SUBVENCIÓN SOBRE O TOTAL DO ORZAMENTO

A.2. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE:

- NOME COMPLETO
- ENDEREZO SOCIAL
- BASE SOCIAL TOTAL
- BASE SOCIAL EN GALICIA
- TELÉFONOS
- WEB
- TELÉFONO MÓBIL
- CORREO ELECTRÓNICO
- CIF DA ENTIDADE
- DATA DE CONSTITUCIÓN
- DATA DE INSCRICIÓN/SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO GALEGO DE AXENTES DE COOP. PARA O DESENVOLVEMENTO
- Nº REXISTRO DA ENTIDADE
- REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE
- RESPONSABLE DA ENTIDADE EN GALICIA
- RESPONSABLE DE XESTIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA DO PROXECTO
- EXPERIENCIA NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO: PROXECTOS (ACTIVIDADES, CAMPAÑAS, ETC.) REALIZADOS, EXPERIENCIA NA ZONA E EXPERIENCIA NO SECTOR DE ACTUACIÓN NOS ÚLTIMOS TRES ANOS.

A.3. DATOS DA CONTRAPARTE OU SOCIO LOCAL:

- NOME COMPLETO
- TIPO DE ENTIDADE
- ENDEREZO LEGAL
- TELÉFONOS
- FAX
- WEB



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL OU TRIBUTARIA
- DATA DE CONSTITUCIÓN
- REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE
- RESPONSABLE LOCAL DO PROXECTO
- EXPERIENCIA NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO: PROXECTOS (ACTIVIDADES, CAMPAÑAS, ETC.) REALIZADOS, EXPERIENCIA NA ZONA E EXPERIENCIA NO SECTOR DE ACTUACIÓN NOS ÚLTIMOS TRES ANOS.

SECCIÓN B - DESCRICIÓN DO PROXECTO.

B.1. RESUMO DO PROXECTO

B.2. CONTEXTO E ANTECEDENTES DO PROXECTO

B.3. COMPLEMENTARIEDADE E SINERXIAS COA POLÍTICA DE COOPERACIÓN GALEGA E ESPAÑOLA E COAS POLÍTICAS PÚBLICAS LOCAIS

B.4. SECTOR DE ACTUACIÓN DO PROXECTO

B.5. IDENTIFICACIÓN DOS PROBLEMAS E NECESIDADES QUE SE PRETENDEN ABORDAR. XUSTIFICACIÓN

B.6. DESCRICIÓN, CRITERIOS E SELECCIÓN E PARTICIPACIÓN DA POBOACIÓN BENEFICIARIA

B.7. ENFOQUES TRANSVERSAIS:

- . LOITA CONTRA A POBREZA
- . IGUALDADE DE XÉNERO
- . DEFENSA DA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL
- . RESPECTO POLOS DEREITOS HUMANOS
- . DEFENSA DA INTERCULTURALIDADE

B.8. OBXECTIVOS, RESULTADOS E ACCIÓNS DO PROXECTO:

- . OBXECTIVO XERAL DE DESENVOLVEMENTO
- . OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
- . MATRIZ DE PLANIFICACIÓN

B.9. CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES PREVISTAS

B.10. RECURSOS HUMANOS

B.11. RECURSOS MATERIAIS E TÉCNICOS

B.12. ACHEGAS EN ESPECIE

B.13. RISCOS

B.14. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROXECTO:

- . SISTEMAS E MECANISMOS INTERNOS E EXTERNOS
- . VIABILIDADE E SUSTENTABILIDADE DO PROXECTO
- . ADECUACIÓN E CONTRIBUCIÓN ÓS PRINCIPIOS DA DECLARACIÓN DE PARÍS
- . MECANISMOS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO
- . AVALIACIÓN EXTERNA

SECCIÓN C - ASPECTOS ADMINISTRATIVOS E FINANCEIROS.

C.1.DATOS ECONÓMICOS E FINANCEIROS (en táboa anexa):

- FINANCIAMENTO DO PROXECTO
- ORZAMENTO XERAL E CADRO DE FINANCIAMENTO
- DESAGREGACIÓN DE CUSTOS DIRECTOS E INDIRECTOS
- DESAGREGACIÓN OUTROS FINANCIADORES DISTINTOS Ó CONCELLO DE VIGO
- DESAGREGACIÓN ORZAMENTARIA POR OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

SECCIÓN D – RELACIÓN DE ANEXOS.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

ANEXO IV
DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN
Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2024.
Concello de Vigo (Política Social)

D/D^a....., con DNI núm., en calidade de da entidade, con NIF, beneficiaria dunha subvención ó abeiro da convocatoria de subvencións para proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento 2024. Concello de Vigo (Política Social),

DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para o proxecto, a día de hoxe (*marcar cun "X" o que proceda*):

- Non solicitou ningunha outra axuda de Administracións ou entidades públicas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Solicitou e/ou se lle concedeu algunha subvención de Administracións ou entidades públicas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

Admón./Organismo	Importe

2. Que o proxecto para o que se concedeu a subvención executouse nos termos previstos no proxecto que se presentou no seu día.

3. Que esta entidade está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo e coa Seguridade Social.

4. Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas como xustificación doutra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

Asdo: (O/A RPTE. LEGAL DA ENTIDADE)

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

S.ord.22/03/2024

ANEXO V
MODELO DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2024.
Concello de Vigo (Política Social)

D/D^a, con DNI núm., en calidade de da entidade, con NIF, beneficiaria dunha subvención ó abeiro da convocatoria de subvencións para proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento 2024. Concello de Vigo (Política Social), mediante este escrito formula DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN da subvención concedida á entidade que representa.

Asdo: (O/A RPTE. LEGAL DA ENTIDADE)

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade a sí como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

**ANEXO VI
REFORMULACIÓN DA SOLICITUDE
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

*Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2024.
Concello de Vigo (Política Social)*

D/D^a, con DNI núm., en calidade de da entidade, con NIF, MANIFESTO:

1º.- Que en data presentou unha solicitude de subvención ó Concello de Vigo, ó abeiro da convocatoria de Subvencións a ONGD para a realización de proxectos de cooperación internacional 2024. por importe de € para a realización do programa / proxecto denominado

2º.- Que á vista da subvención proposta polo Concello de Vigo e dado que a cantidade non coincide co total da contía solicitada,

DECLARO QUE A ENTIDAD QUE REPRESENTO:

1º.- SÍ ACEPTA / NON ACEPTA a proposta de subvención por valor de €

2º.- O custo total do proxecto reformulado ascende, por tanto, a €

3º.- A entidade á que represento contribúe con€ ó financiamento do custo total do proxecto.

4º.- Outras entidades contribúen con € ó financiamento do proxecto.

5º.- Unha vez executado o proxecto, xustificará o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención pola contía sinalada no custo total do proxecto.

Asdo: (O/A RPTE. LEGAL DA ENTIDADE)

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

S.ord.22/03/2024

3(169).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA 2024. EXPTE. 10121/106.

Visto o informe xurídico de data 13/03/2024 e o informe de fiscalización do 18/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/03/2024, asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao servizo de Comercio e conformado polo concelleiro delegado da Área de Goberno e o concelleiro delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.(LSG).

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións (RLXS).

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno (LTAIB)

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRBRL).

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

INFORME.

O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais resolveu en data 7 de febreiro de 2024 que se iniciase o expediente necesario para a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, para a organización da Festa da Reconquista 2024, que terá lugar no barrio histórico de Vigo entre os días 23 de marzo e 07 de abril de 2024.

Dende o ano 1994, a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co nº 49, vén colaborando co Concello de Vigo na organización e produción deste evento, acadando unha importante labor de recuperación e revitalización dunha festividade declarada de interese polo consello da Xunta de Galicia o 26 de marzo de 2012. A entidade é propietaria da marca “Festa da Reconquista”, conforme o Título de Rexistro da marca que consta no expediente.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo vén organizando a Festa da Reconquista, con grande éxito organizativo e aceptación da cidadanía, contribuíndo á mesma cun plan de difusión e da marca Vigo superior ao 10% do financiamento con diversas accións promocionais de impacto e repercusión en prensa e medios de comunicación nas redes



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

sociais como fóra dela (on line e off line), así como en medios de radio e televisión de difusión nacional.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo está en condicións de organizar a presente edición da Festa da Reconquista, conforme ao programa e presuposto de ingresos e gastos, recollidos no presente expediente.

O servizo de Comercio do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos a programación de festas e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais e de tradición popular, con especial consideración as súas características etnolóxicas e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985, corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta establece e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos reguladas por lei.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, toda vez que a organización desta festividade nas edicións anteriores vén estando a cargo da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, que ostenta os dereitos de representación da marca en exclusiva.

O convenio é un dos instrumentos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este subvención nominativa prevé unha dotación de 125.000 euros (cento vinte e cinco mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.480001 “ CONVENIO RECONQUISTA AAVV CASCO VELLO” do programa orzamentario para o vixente exercicio, a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social exposto nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade.

Pola súa banda, a entidade encárgase da organización xeral do evento e asume todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total 205.000 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello ascenden a 125.000 euros, o que supón que a achega municipal constituía un 60,97 % do total. Desta forma, a entidade asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles o seguro que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros, así como a elaboración dun Plan de Autoprotección para o evento.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais para asinar o citado convenio, ao amparo dos decretos de delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 19/06/2023, 28/06/2023 e 3/07/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local 22/06/2023 Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Aprobación do convenio de colaboración do Concello de Vigo coa Asociación veciñal e cultural Casco Vello de Vigo, CIF B-36.645.885, para a organización da Festa da Reconquista 2024 que terá lugar entre os días 23 de marzo e 07 de abril de 2024.

2º.- Achegar unha subvención nominativa polo importe de 125.000 € (cento vinte e cinco mil euros) que se realizará con cargo á aplicación presupostaria 3380.480001 do programa de Festas para o vixente exercicio.

3º.- A concesión da subvención nominativa queda suxeita ás seguintes condicións e compromisos:

PRIMEIRO.- OBXECTO



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre as entidades asinantes en orde á organización conxunta da FESTA DA RECONQUISTA 2024, a celebrar entre os días 23 de marzo e o 7 de abril na contorna do Barrio Histórico, e que persegue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo.
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica.
- Dinamizar cultural e socioeconómica do Barrio Histórico da cidade.

SEGUNDO - PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos e ingresos do programa obxecto do convenio polo importe total de 205.000 €, financiándose estes mediante as achegas de 125.000 € do Concello de Vigo (60,97%), 25.000 € do convenio coa Xunta de Galicia (12,20 %), 4.000 € dunha empresa patrocinadora (1,95%), 6.000 € da Deputación de Pontevedra (2,93%), 42.000 € da xestión do mercado (20,49%) e 3.000 de doazóns particulares (1,46 %).

TERCEIRO.- PROXECTO DA FESTA DA RECONQUISTA DA VILA DE VIGO

Establécese o programa de actuacións conforme ao proxecto presentado pola Asociación asinante, núm. doc. 240026559, de data 19 de xaneiro de 2024, que contempla a celebración de distintas actuacións lúdicas e culturais, acompañadas da instalación de diferentes postos de produtos gastronómicos e artesáns coincidentes ca finalidade do evento.

CUARTO.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A Asociación asinante comprométese a colaborar co Concello en canto a organización da Festa da Reconquista 2024, que terá lugar no Barrio Histórico da cidade entre os días 23 de marzo e o 7 de abril de 2024, conforme ao programa que se achega ao expediente, e concretamente a:

1º.- Asumir toda responsabilidade concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo da dirección do presidente, José Fumega L'Hotellerie de Fallois, con número de teléfono 607 406 600, que actuará como interlocutor final ante á Concellería.

A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, recollidos no Anexo I.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...)

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares ao Concello; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo de Comercio e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa.

7º.- Coordinar co servizo de Comercio e Festas Especiais do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

8º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

9º.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 0961979066581 de Mapfre, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a Asociación entrega ao Concello copia da póliza, que se achega ao expediente.

10º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo.

11º.- Todo o material inventariable elaborado con cargo ao presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2024 (traxes, Porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado, en perfecto estado de conservación e limpeza, nun lugar a determinar pola Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.

12º.-En relación aos postos do mercado tradicional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicas sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontables e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, e previo ao inicio da actividade, a respectivas declaracións responsables asinada polos titulares dos postos conforme cumpren cas condicións de venda ambulante e hixiénico sanitarias.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

A tal fin, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto respectarán as normas sobre hixiene, seguridade e demais disposicións impostas pola lexislación vixente. Igualmente, asegurárase de que os postos que expendan bebidas alcohólicas expoñan en lugar perfectamente visible para o público a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, en cumprimento da Lei de Galicia 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas a menores de idade.

13º.- Limpeza do espazo e contorna onde se desenvolve o mercado. Á finalización do desmonte da Festa, quedará todo ordenado e en perfectas condicións de limpeza outorgando un prazo máximo de 24 horas para o restablecemento dos espazos usados á súa situación inicial.

14ª.- Contratar os traballos de instalación eléctrica, obtención dos boletíns de industria e tramitación dos contratos de subministración eléctrica.

15º.- Estar en comunicación permanente co servizo de Comercio facilitándolle coa antelación necesaria a información para a difusión e divulgación do programa de actividades nos medios de comunicación do Concello (web, app 010, etc) .

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

QUINTO OBRIGAS DO CONCELLO

Comprométese a:

1º.- Conceder directamente á Asociación, unha subvención por importe de 125.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución da Festa da Reconquista 2024 Para edicións posteriores, as achegas do Concello subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

2º.- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas nestes convenio.

3ª. Colaborar na decoración, escenografía e ambientación do Barrio Histórico olívico.

4º.- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.

5º.- Prestar servizo de limpeza e recollida de lixo na zona da celebración do evento.

6º.- Regular o tráfico nas rúas relacionadas co evento, carga e descarga e os accesos aos vados nas rúas peonís, información dos cortes de tráfico e saídas alternativas ao mesmo.

7º. Coordinación coa Policía Local para garantir o cumprimento das medidas adoptadas e a seguridade da cidadanía nas diferentes actividades organizadas.

8ª.- Colaborar na promoción do evento cos distintos medios de comunicación e difusión municipais.

9ª.-Autorizar o uso do dominio público constituído polos espazos das rúas públicas que ocupen os postos do mercado no ámbito territorial da festa que se indica no plano que se achega ao expediente, sen suxeición ás taxas establecidas polo Concello pola súa consideración da festa de “especial interese ou utilidade municipal”.

10ª.- Os técnicos municipais de Mobilidade e verificarán a colocación dos postos a fin de observar calquera tipo da anomalía antes do comezo do mercado.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

SEXTO.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O Concello xestionará o pagamento á Asociación polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.

O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES96 2080 5045 8930 4001 0210, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada. No caso de existir un exceso de financiación sobre el coste de la actividade, procederáse na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A Asociación comunicará ao Concello a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art. 17.3 da citada Lei).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 a) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) a Asociación está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas administracións públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

A tenor do disposto no artigo 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas en papel.

Non obstante a beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado do 40% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao artigo 42.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción do comercio local.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade. A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a emenda.

A beneficiaria deberá xustificar antes do 15 de novembro de 2024 o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaranse en orixinal. As facturas cumprarán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias.

b) Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Gastos subvencionables:

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no exercicio económico do convenio, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderán ser superiores ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

SÉTIMO.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a Asociación adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente e expresamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas polo servizo de Comercio e Festas Especiais, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo co Concello.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello, deberá acordarse con este a prelación e características de cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao servizo de Comercio e Festas Especiais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da Asociación, Concello e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a Asociación entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o servizo de Comercio.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos...) deberá estar previamente comunicada e acordada co Concello antes da súa divulgación pública.

A presentación pública institucional de intervenientes nos actos do evento (presentación do programa, actos representativos na rúa de Destitución e Expulsión, etc) deberá estar previamente acordada entre o organizador e o Concello de Vigo .

A Asociación comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que empregue a Asociación para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a Asociación ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A Asociación facilitará ao servizo de Comercio, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010...).

Lingua de difusión en publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da normalización lingüística do Concello, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan carácter non periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares co Concello para que os elementos sexan subvencionables.

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas.

OITAVO.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo de Comercio do Concello e Festas Especiais.

O persoal técnico do servizo de Comercio e Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

NOVENO.- INFORMACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello e Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRO.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN, SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O mecanismo de seguimento técnico da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Concello nas propias actividades programadas.

O centro xestor ten encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

A tal fin, constituirase un Centro Técnico de Supervisión integrada por dous membros, un do concello de Vigo (xefe do servizo de Comercio) e un a designar pola Asociación asinante, cuxas funcións serán:

- Facilitar o máximo nivel de cooperación nas relacións entre as partes asinantes para a boa marcha das actuacións previstas.
- Supervisar a execución das accións e actuacións previstas no Convenio.

DÉCIMO SEGUNDO- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2024 e non será prorrogable.

DÉCIMO TERCEIRO.-MODIFICACIÓN, DENUNCIA, EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSAS

Calquera das partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de 15 días.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facilitará á outra para resolvelo, quedando automaticamente anulados todos os

dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas neste.

Así mesmo establecerase a creación dunha Comisión para o seguimento e coordinación da execución do convenio e resolución das dúbidas que poidan producir, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

O convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do convenio:

- a. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b. O acordo unánime dos asinantes
- c. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por una das partes facultará á outra para resolver o mesmo. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para a que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indemnización dos prexuízos causados se así se previse.

DÉCIMO CUARTO.-INFRACCIÓN E SANCIÓN

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

DÉCIMO QUINTO- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería-delegada da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o servizo de de Comercio do Concello.

DÉCIMO SEXTO.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos e demais material obtido da realización das actividades programadas, será de titularidade e uso común do Concello e da Asociación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

O Concello resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento da Asociación das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO SÉTIMO.-PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Asociación e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO OITAVO- DESTINATARIOS E PARTICIPACIÓN

A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

DÉCIMO NOVENO.-SEGURIDADE

A Asociación deberá cumprir estritamente co Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos da festa e respectando os seus aforos. Así mesmo, velará por que todos os ocupantes dos postos do mercado tradicional cumpran co Plan de Autoprotección, debendo ter especial coidado na localización destes postos e nos espazos de evacuación que se recomenden en caso de emerxencia.

A tal fin, correrá por conta do beneficiario organizador da Festa, establecer e velar polo cumprimento das medidas excepcionais de protección individual persoais e organizativas preventivas que minimicen o risco de transmisión epidemiolóxica, adaptándoas aos escenarios existentes e normativa de aplicación de cada momento.

VIXÉSIMO- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se

aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e outra lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(170).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES. EXPTE. 12530/224.

Visto o informe de fiscalización de data 18/03/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 15/03/2024.

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 13 de decembro de 2023.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 22 de novembro de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 78.139,60 € que inclúe un IVE (21%) de 13.561,42 €, para a contratación da “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres”,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 2279910 e bolsa de vinculación xurídica dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2024, 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 35.518 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2024, 39.069,80 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2025, e 3.551,80 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2026.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	98,75

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 4 de marzo de 2023, que presenta a documentación requirida o 10 de marzo de 2023, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora, os estatutos, nos que figura o nomeamento de representante e os seus poderes, xunto co CIF da licitadora e o DNI do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (27.348,86 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (27.348,86 €), presentan certificado de boa execución no que o importe do ano 2022 supera esta cantidade.
- Xustificante do ingreso en conta por un importe de 3.999,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 15 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor, de data 11 de febreiro de 2024, e o acordo da Mesa de contratación de data 16 de febreiro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábel a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 72.600,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.600,00 euros.*
- b) *Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo a maiores no mínimo esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP (6 meses) en 30 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(171).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE GOBERNO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2024. EXPTE. 91634/511.

Dáse conta da Resolución de data 12/03/2024, asinado polo concelleiro delegado da Área de Goberno e a Secretaria de Goberno local, que di o seguinte:

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2024 que comeza coa inscrición do vehículo matrícula 0000BCS e remata coa inscrición do vehículo matrícula ZA-9992-H, polo importe total de **14.670.746,19€**, correspondentes a un total de 202.733 vehículos e 159.598 recibos emitidos.

2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 2.226 vehículos para uso exclusivo de persoas con certificado de **discapacidade** igual ou superior ao 33% que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: ED” e “Ano de inicio.bonif: 2024” *(a exención para os restantes vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con efectos para varios exercicios).*

3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 703 vehículos con **emisións CO2 menores a 120grs/km** así como a 17 vehículos con **eficiencia enerxética A** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: CO2”, “Bonif. Fiscal: Enerxética” e “Ano de inicio.bonif: 2024” e a súa cota bonificada correspondente.

4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 134 **vehículos eléctricos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Eléctricos” e “Ano de inicio.bonif: 2024” e a súa cota bonificada correspondente *(a bonificación para os restantes vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con carácter indefinido).*

5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 438 **vehículos híbridos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4a) da Ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Híbrido” e “Ano de inicio.bonif: 2024” e a súa cota bonificada correspondente.

6.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 43 vehículos **que utilizan combustible GLP** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4d) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: GLP” e “Ano de inicio.bonif: 2024” e a súa cota bonificada correspondente.

7.- Aprobar a bonificación do 100% da cota do imposto a 194 vehículos con **antigüidade mínima de 25 anos e con menos de 5000km percorridos**, condicións establecidas no artigo 4 apartado 2.3) da ordenanza fiscal vixente, e que aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Equip.” (Equiparable a Históricos) e “Ano de inicio.bonif: 2024” e a súa cota bonificada correspondente.

8.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

9.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(172).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA O APOIO AO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE REALIZARÁ DURANTE O ANO 2024. EXPTE. 12754/224.

Visto o informe xurídico do 06/03/2024, informe de fiscalización do 15/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado pola xefa do servizo de Igualdade e conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impoñenlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

O artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), establece que “o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:... Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.

O artigo 27 da LBRL faculta ás Comunidades Autónomas para delegar nos concellos o exercicio de competencias da súa titularidade, citándose expresamente no apartado 3.c) a “Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller”.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre indicar a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, e unha rede de acollemento

formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas municipais de protección para mulleres en situación de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención da violencia de xénero e na axuda ás mulleres en situación de violencia de xénero. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome de “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición nos Rexistros de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta Asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- Traballar na prevención dos malos tratos.
- Asistir ás mulleres en situación de violencia de xénero en todas as situacións que sexa necesario.
- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres en situación de violencia de xénero.
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da Administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos do Servizo de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a forma dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa contribuír ao financiamento dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero:
proxecto *Sororidade*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades 2024*, incorporada como anexo ao expediente.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste Convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 30% da subvención que se concede.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Nos pactos que regulan a presente subvención nominativa, establécese que a Asociación non está obrigada a xustificar a axuda concedida coa acreditación de que os pagos foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención. Isto ven motivado pola insuficiente capacidade económica da entidade non lucrativa de carácter social beneficiaria da axuda. Os artigos 31.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como nas bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Así mesmo, faise constar que esta acción está incluída na liña estratéxica 2.5 (Vítimas de violencia de xénero) do Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión, están previstos no Plan Estratéxico vixente.

O orzamento do Concello de Vigo aprobado para o exercicio 2024, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00 € a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes da Asesora Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte Acordo:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a *Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* e o Concello de Vigo para o apoio ao programa de actividades que realizará durante o período do 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024.

2º. Autorizar o gasto de 30.300,00 € (trinta mil trescentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890004 *Convenio coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para facer fronte aos gastos derivados da execución do Convenio.

3º. Rexistrar os datos estruturados do Convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e ao artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4º. Aprobar o texto do Convenio e o anexo I: ficha mensual das destinatarias da acción, que deseguido se transcriben:

“Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDAS

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística por Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023)], asistida pola secretaria de Goberno Local, dona Susana Gallardo Fariña, para os efectos de dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Doutra parte, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF n.º G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, núm. 12, de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 12754/224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente Convenio

MANIFESTAN

I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención da violencia de xénero e na axuda ás mulleres en situación de violencia de xénero. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome *Asociación Rede de Mu-*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

lles Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo formalizando a súa inscrición nos Rexistros de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta Asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da Rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- Traballar na prevención dos malos tratos.
- Asistir ás mulleres en situación de violencia de xénero en todas as situacións que sexa necesario.
- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres en situación de violencia de xénero.
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

II. Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, e unha rede municipal de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas municipais de protección para mulleres en situación de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos do Servizo de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a forma dun convenio de colaboración.

III. Que o Concello de Vigo, no seu orzamento aprobado para o exercicio 2024, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de

30.300,00 €, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

IV. Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da administración concedente, as intervenientes conclúen o presente Convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades 2024*, incorporada como anexo ao expediente.

V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que achega a entidade beneficiaria, documento incorporado ao expediente deste Convenio.

VI. Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VII. Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que, para a cidade de Vigo, representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, o Concello de Vigo e a dita Asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste Convenio é apoiar a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nos labores de atención profesional e de acompañamento ás mulleres en situación de violencia de xénero, na formación continua das voluntarias da Rede que realizan os ditos acompañamentos así como nas xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Así, no marco desta subvención, inclúense os proxectos que a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

entidade beneficiaria realizará desde o mes de novembro de 2023 ata o mes de outubro de 2024, e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades 2024*, incorporada como anexo ao expediente.

As accións prioritarias obxecto deste Convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a súa soidade e angustia, transmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a súa integración en todos os ámbitos da vida.

SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a:

1. colaborar co Servizo de Igualdade no marco deste Convenio e dotar as mulleres voluntarias da entidade daqueles mecanismos sociais de apoio ás vítimas para acompañar os casos de mulleres en situación de violencia de xénero, especialmente, ao colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas municipais de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), a ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

2. Derivar ao *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM)*, servizo adscrito ao Servizo de Igualdade do Concello de Vigo e responsable de ofrecer e garantir a in-

formación e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres en situación de violencia de xénero, a todas as mulleres que, sendo beneficiarias dalgún programa desenvolvido pola Rede de Mulleres contra os Malos Tratos (acompañamento, actividades de formación, consultas *online*, actos, etc.), estean en situación de violencia de xénero.

3. A entidade beneficiaria deberá prestar atención psico-social ás mulleres que lles sexan derivadas por calquera das profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Esta atención deberá prestarse con celeridade e garantindo a debida coordinación co Servizo municipal e coa profesional do CIM que realiza a derivación.
4. Comunicar ao Servizo de Igualdade, con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE/pasaporte, enderezo, teléfono/s de contacto, e motivo e lugar do acompañamento que realizan (xulgado, centro de saúde...).

Calquera dato de carácter persoal que a entidade obteña ao abeiro deste Convenio non poderá ser obxecto de uso particular, nin de cesión a terceiras persoas. Os datos necesarios que a entidade beneficiaria deba obter para cumprir as obrigas establecidas neste Convenio deberán recollese previa autorización asinada das mulleres beneficiarias dos programas obxecto deste Convenio. Esa autorización firmada deberá indicar o uso que se vai facer deses datos, así como que serán cedidos exclusivamente ao Servizo de Igualdade do Concello de Vigo. En todo caso, deberá cumprirse a normativa vixente de uso, protección e tratamento de datos de carácter persoal.

5. A entidade beneficiaria Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, principalmente, no referente aos datos especialmente protexidos e ao recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial como é o caso das vítimas de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra as mulleres.
6. Achegar trimestralmente ao Servizo de Igualdade as “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” (anexo I), debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Estes documentos deberán vir conformados pola presidenta da entidade.
7. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice e se enmarquen no *Programa de actividades 2024* que presentou ao Convenio, incluída a páxina web, blog e redes sociais propias. Así, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado no pacto oitavo *Publicidade*.

8. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do Convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin. Inclúiranse os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do seu programa (especialmente, e de xeito prioritario, as mulleres en situación de violencia de xénero).
9. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.
10. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade das persoas que traballen ou colaboren na Asociación.
11. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste Convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma, a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social, así como da posible responsabilidade civil.
12. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.
13. As obrigas da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Achegar a documentación técnica precisa, como a guía de recursos, e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social), a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo unha subvención por importe de 30.300,00 €, co obxecto de coadxuvar no financiamento das actividades da Asociación no ámbito da promoción da igualdade e da intervención contra a violencia de xénero.

CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para os casos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA

1. O Concello de Vigo aboará o importe da axuda en tres partes:
 - a) A primeira, por importe de 9.090,00 €, coa firma do presente Convenio; anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
 - b) A segunda, por importe de 10.605,00 €, no mes de xuño, tras a entrega do informe de avaliación das actividades e dos xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.
 - c) A terceira, por importe de 10.605,00 €, no mes de novembro, previa certificación do Servizo de Igualdade que acredite o cumprimento do Convenio unha vez se achegue a memoria anual da Asociación e os xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.
2. Antes de proceder a cada pago da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiras persoas ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiras persoas a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres en situación de violencia de xénero. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiras persoas as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.

SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e avaliación do presente Convenio de colaboración establécese unha Comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, estará formada, previo nomeamento pola presidenta, por:

- A presidenta e a coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo
- A xefa do Servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
- Unha técnica do Servizo de Igualdade.

Actuará como secretaria unha das vogais da Comisión, que se designará para tal fin.

OITAVO.- PUBLICIDADE

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade a este Convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade do financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Servizo de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no período que abrangue este Convenio e que se enmarquen no seu programa de actividades incorporado como anexo ao expediente. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará, en lugar visible para o público, un cartel que identifique o Concello de Vigo e o Servizo de Igualdade e indique que o acto/a actividade que se está a realizar está financiado/a polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á páxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará ao Servizo de Igualdade, coa suficiente antelación, a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello.

Así, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

3. A difusión deste financiamento municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e na anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, audios, vídeos, gravacións, imaxes das actividades coa difusión da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.).

NOVENO.- XUSTIFICACIÓN

1. Prazo: antes do 8 de novembro de 2024, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos. A data límite para presentar a xustificación será, por tanto, o 7 de novembro de 2024.

2. Procedemento: en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego de medios electrónicos para presentar a conta xustificativa da subvención outorgada, a través do Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Vigo ao que se accede pola sede electrónica do Concello. Requírese identificación e sinatura electrónica, que se farán por calquera dos sistemas admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

A teor do disposto no art. 81 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cubertos por vía electrónica,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministro de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través do Rexistro Electrónico Xeral do Concello de Vigo, utilizando calquera dos sistemas de identificación e firma electrónica admitidos polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

Os documentos que requiran sinatura, asinaranse antes do seu envío a través do Rexistro Electrónico Xeral do Concello.

3. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais polo importe subvencionado e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado/a na súa totalidade e o seu custo total foi de 37.300,00 € (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto, presentará unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos tal e como se indica no parágrafo anterior, xunto cunha relación de todos os gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán indicar o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique que a Asociación está exenta de presentar declaración polo IVE. Non será preciso que nos documentos xustificativos dos gastos conste de forma expresa que os pagos foron satisfei-

tos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal...) como o abono de salarios, gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores das usuarias, material funxible, xestión, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes da Rede, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2024.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención sempre que se imputen á actividade subvencionada, na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) "Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción" (anexo I). Neste documento deberán constar todos os acompañamentos realizados ás mulleres beneficiarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das beneficiarias, polas persoas voluntarias que realizasen os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade beneficiaria, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Este documento deberá vir conformado pola presidenta da entidade.

Estas fichas entregaranse con carácter trimestral no Servizo de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionado, que reflectan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste Convenio.

DÉCIMO.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 1 de novembro de 2023 ata o 31 de outubro de 2024 (incluídos) e de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2024 e que forma parte deste Convenio.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal...) como o abono de salarios, material funxible, xestión, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2024. Ademais, serán gastos subvencionables os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do programa (especialmente, e de xeito prioritario, as mulleres en situación de violencia de xénero).

DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda, serán comprobados polo Servizo de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do Convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

DÉCIMO SEGUNDO.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRO.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA

Dará lugar á perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas neste Convenio, a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta, e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Serán causas de invalidez da concesión da subvención as previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción.

No caso de que o importe da subvención, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de demora correspondentes.

DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención á que se refire este Convenio e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos da entidade beneficiaria da subvención, os da súa representante, así como os datos de carácter persoal que facilite ao Concello de Vigo ao abeiro deste Convenio, serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención nominativa obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o procedemento subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión da subvención obxecto do presente Convenio rexerese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; os pactos que se conteñen neste Convenio; as bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2024; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente Convenio, en Vigo, na data da súa sinatura dixital.”

ANEXO I: FICHA MENSUAL DAS DESTINATARIAS DA ACCIÓN

XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS E O CONCELLO DE VIGO NO ANO 2024

RELACIÓN ACREDITATIVA DOS ACOMPAÑAMENTOS MENSUAIS A MULLERES V.V.X.

DATOS PERSOAIS DA USUARIA					
NOME		APELIDOS		DNI/NIE/pasaporte	
TELÉFONOS		IDADE	<input type="checkbox"/> Menor de 25 anos <input type="checkbox"/> Entre 46 e 54	<input type="checkbox"/> Entre 25 e 45 <input type="checkbox"/> Maior de 54 anos	
ACOMPAÑAMENTOS REALIZADOS NO MES DE DO ANO 2024					

Autorízase a recollida de datos de carácter persoal, así como dos datos dos acompañamentos a mulleres en situación de violencia de xénero realizados pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, para que formen parte da memoria xustificativa desta entidade no marco do Convenio do ano 2024 financiado polo Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

RELACIÓN DOS ACOMPAÑAMENTOS REALIZADOS:

Nº	DATA	MOTIVO E LUGAR	NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REALIZA O ACOMPAÑAMENTO	SINATURA
1				
2				
3				
4				
Sinatura da usuaria				

<p>Dona.....</p> <p>con DNI núm. responsable do programa na entidade, declaro que estes acompañamentos non foron incluídos como obxecto de xustificación noutra subvención ou convenio de colaboración con outras entidades públicas ou privadas.</p> <p>Sinatura:</p>	<p>A PRESIDENTA:</p> <p>Dona</p> <p>DNI núm.....</p> <p>Sinatura:</p>
--	--

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(173).- NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA VACANTE DE ENXEÑEIRO TÉCNICO (A2)- OEP 2017-2018-2019. EXPTE. 43167/220.

Visto o informe de fiscalización do 18/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2024, asinado pola técnica media de relacións laborais, o técnico de administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía unha praza de enxeñeira/o técnica/o (A2), pola quenda libre.

II.- En sesión de data 03/11/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de enxeñeira/o técnica/o (A2), pola quenda libre, acordou por unanimidade someter á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

"(...)Nomear persoal funcionario na praza de Enxeñeiro Técnico con cargo a unha praza vacante enmarcada no Grupo A de titulación, Subgrupo A2; escala, Administración Especial; subescala, técnica; clase superior que figura incluídas na Oferta de Emprego Público 2017/2018-2019, terceira fase aos aspirantes que a continuación se relacionan

APELIDOS	NOME	DNI	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CUATRO EXERCICIO	GALEGO	TOTAL
LAGO LÓPEZ	FERNANDO	***3446**	8,00	6,5	7,5	1,8	2	25,8

(...)"

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 15/11/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 29/02/2024 segundo o cal, *"Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe como **Enxeñeiro/a técnico/a**, persoal funcionario, no Concello de Vigo, foron revisadas as mesmas na aplicación de Ginpix7.*

Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, constan os seguintes datos:

- En Xestión catastral delegada (503), Posto 346 – Enxeñeiro/a técnico/a, dotación 1 – figura vacante na data de sinatura dixital."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego do Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, estableciendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionario de carreira, na praza de Enxeñeira/o técnica/o, con cargo á praza vacante pola quenda libre enmarcada no grupo A, subgrupo A2; escala administración especial; subescala técnica; incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, a F. Lago López, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en

vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de Enxeñeira/o técnica/o, enmarcada no subgrupo A2 de titulación, escala administración especial, subescala técnica, pola quenda libre, ao aspirante **Fernando Lago López, DNI ***3446****, por superar tódolos exercicios de que constou o proceso selectivo e por obter a máxima puntuación, 25,8.

SEGUNDO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionario/a de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

CUARTO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(174).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE PROVISIÓN CON CARÁCTER DEFINITIVO DO POSTO DE TRABALLO “VICEINTERVENTORA ADXUNTA” DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 42479/220.

Dáse conta da proposta de data 14/03/2024, asinada polo técnico de xestión e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformada pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación ,Festas e Xestión Municipal do 12/03/2024 (expediente 42479/220), resolveuse:

“ **PRIMERO:** Resolver a convocatoria para a provisión con carácter definitivo mediante libre designación (LD) do posto de traballo vacante “Viceinterventor/a adxunto/a”, código 10206, e que de seguido relacionase:

Posto de traballo: “Viceinterventor/a adxunto/a” (Ref. 1400102)

Relación emprego: Funcionario

Subgrupo: A1

TP: Singularizado

Escala: Habilitación nacional

FP: LD

Subescala: Intervención-Tesourería

Categoría: Superior

SEGUNDO.- Nomear *para ocupar* o posto de traballo de “Viceinterventor/a Adxunto/a”, obxecto da presente convocatoria, a favor da candidata **Dna. Suárez del Campo, M^a.M.**, segundo a motivación contida no Informe de Intervención Xeral de data 04/03/2024, trámite 72 do expediente de referencia.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución á Excma. Alcaldía, na súa condición de Órgano Delegante, dando conta á Xunta de Goberno Local, ao Pleno da Corporación e traslado de aquela ao Órgano competente da Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Facenda e Funcción Pública para publicación no Boletín Oficial do Estado, notificando igualmente aos solicitantes do posto de traballo cuxa provisión se oferta.

CUARTO.- Indicar que, consonte ás Bases, o prazo de toma de posesión no novo destino será de 3 días hábiles, si se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou de 1 mes, si se trata de primeiro destino ou de postos de traballo en localidade distinta.

Contra a presente Resolución poderase interpoñer Recurso Potestativo de Reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

Á vista do recollido na citada resolución e conforme ao disposto no acordo de delegación de competencias da Alcaldía de data 03/07/2023, propónse ao órgano competente:

ÚNICO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de "viceinterventor/a adxunto/a" do Concello de Vigo polo sistema de libre designación en convocatoria pública, que tivo lugar mediante resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación , Festas e Xestión Municipal do 12/03/2024 (expediente 42479/220).

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada da Resolución de provisión con carácter definitivo do posto de traballo de "viceinterventor/a adxunto/a" do Concello de Vigo polo sistema de libre designación en convocatoria pública, que tivo lugar mediante resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación , Festas e Xestión Municipal do 12/03/2024

9(175).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS". EXPTE. 6366/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/03/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 30.06.2023 acordou aprobar o proxecto de "REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS", redactado polos Enxeñeiros



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON SETE CÉNTIMOS (59.677,07€) e de data sinatura dixital 19 de maio de 2023". Expte. 6050-443.

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 06.10.2023, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de do proxecto de "REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS" redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández. Expte. 1732-441.

Dito procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.11.2023, por non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo concedido para o efecto.

III.- Á vista do exposto, a empresa REBORDA MARTÍNEZ ANTONIO S.L.N.E., presenta o novo proxecto de execución de "REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS", redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (86.304,73 EUROS) e de data da sinatura dixital 9 de febreiro de 2024 e visado con data 15 de febreiro de 2024.

V.- O xefe do servizo de deportes e o xefe do servizo de Vías, Obras e Infraestruturas, en data 28.02.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, co conforme do Concelleiro da área de Goberno de Deportes, a proposta de ámbolos dous, en data 29.02.2024 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.- A actuación se desenrola nun edificio de titularidade municipal, ó Pavillón Polideportivo de Bouzas, sito na rúa Eduardo Cabello de Bouzas (Vigo). O obxecto do proxecto de reparación é exclusivamente detallar as actuacións a realizar na estrutura de formigón prefabricado, armado ou pretensado, que cobren as pistas polideportivas, sen incorporar neste proxecto a cuberta dos vestiarios, aseos e ximnasio ou outras instalacións do resto do edificio.

Tamén é obxecto deste proxecto a estrutura metálica de aceiro laminado ligada ao prefabricado para arriostramento dos paneis prefabricados de fachada e de arriostramento lateral das vigas peraltadas da cuberta. Ademais, inclúese a reparación e impermeabilización do canalón de recollida de auga na cuberta dado que é a orixe da maioría das patoloxías detectadas.

As obras a executar enuméranse a seguir:

PIARES PREFABRICADOS:

- Saneamento da superficie dos piares de apoio da cuberta das pistas do Pavillón polideportivo, mediante serra circular con prato abrasivo para eliminar as pinturas ou sucidades depositadas nas caras do piar. A actuación realizarase a toda a superficie vista do piar. Nas zonas onde o piar atópase en contacto co cerramento ou a bancada non será necesarios o repicado desta zona de contacto, a expensas de que se vixie o afectado pola corrosión da armadura das esquinas. Revisaranse con detemento as catro esquinas do piar, golpeando con martelo o formigón para determinar se hai afeccións ocultas.

- Sanear as armaduras corrugadas con cepillo de púas metálicas ou serra circular.
- Aplicar á superficie do piar e á superficie das barras corrugadas que se atopen á vista, un produto pasivador do aceiro e que sexa ponte de adherencia co formigón do piar, conforme as condicións de aplicación da ficha técnica do produto.
- En caso de perda por corrosión da sección de armadura do piar, en máis do 15% da sección de aceiro, deberase incorporar unha armadura adicional soldada á existentes. Colocarase unha barra de aceiro corrugado de calidade B500S de diámetro mínimo 10mm, que complete a sección de aceiro existente. Conectarase por soldeo á barra corrugada a ambos lados da zona afectada.
- Rexenerar a sección do piar se fose necesario, con morteiro, conforme as condicións de aplicación da ficha técnica do produto.
- Aplicar a toda a superficie do piar un inhibidor de corrosión para dar protección ás armaduras corrugadas, mesmo nas zonas onde o aceiro non sufriu ou demostrou unha corrosión.
- Como capa final de acabado do formigón do piar aplicarase á totalidade da superficie vista do piar, un produto como capa de protección fronte á carbonatación, a humidade e os cloruros.

VIGAS PREFABRICADAS:

- Saneo da totalidade de superficie vista das vigas, nunha lonxitude de aproximadamente 1 m dende cada extremo da viga, mediante serra circular con prato abrasivo para eliminar as pinturas ou sucidades depositadas.
- Rexenerar a sección saneada que presente perda de sección. Nos apoios de correas, que presenten escantilladas as esquinas das vigas principais, poñendo en risco a fixación da propia correa, deberase rexenerar a sección de formigón. Considérase unha situación non admisible cando a perda de sección prodúcese a unha distancia inferior a 50 mm da posición da ancoraxe.
- Aplicar á superficie das vigas, na zona saneada, un inhibidor de corrosión de protección ao aceiro pretensado e corrugado.
- Como capa final de acabado do forxado prefabricado aplicarase, á totalidade da superficie vista do piar, un produto como capa de protección fronte á carbonatación, a humidade e os cloruros.

ACEIRO LAMINADO:

- Saneo da totalidade do aceiro laminado que forman as orejetas de arriostamento das vigas, determinar a perda de sección real de aceiro. En caso necesario suplementar con pletinas os perfís de aceiro que sufrisen unha perda significativa e, por motivo desta, atópense cunha seguridade estrutural inadecuada. Téñese que alcanzar un nivel de saneo Sa 2 1/2 ou St3.
- Actuarase de igual forma cos carrís embebidos nos paneis prefabricados, os angulares de conexión e a tornillería que os fixa.
- Sanearanse as barras roscadas de conexión aos piares, repoñendo no seu caso as non colocadas ou as que presenten defecto de entrega nas tuercas.
- Unha vez saneada e reforzada a estrutura de aceiro laminado, no caso de que fose necesario, aplicarase unha protección á mesma.

CANALÓN DE CUBERTA:

- Realizarase un desmonte das pezas metálicas que solapan a cuberta sobre o canalón, co fin de facilitar os traballos de limpeza e impermeabilización da cara exterior do canalón actual.
- Realizarase unha limpeza profunda dos detritus e superficie exterior do canalón e posteriormente, aplicarase un tratamento rexenerador da superficie e unha membrana líquida de impermeabilización.
- Repararanse ou substituirán as xuntas de estanquidade de conexión das baixantes e as jalas de protección da baixante.
- Realizarase unha proba de estanquidade e finalmente, repoñeranse os elementos metálicos de solape.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- Se fose necesario, repoñeranse a espuma de poliuretano existente entre a xunta do canalón e a cuberta.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (OITO) 8 semanas.

VII.- A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 11.03.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O proxecto de reparación realízase nun edificio existente, en solo urbano consolidado, de uso dotacional público, segundo ou PXOU/93. Non modifica as condicións volumétricas, nin os usos, nin a ocupación ou a actividade do edificio, por tanto, considérase que, ao ser unha mellora da envolvente de cuberta e unha obra de reparación dos elementos estruturais, cúmprense as condicións urbanísticas.

CONCLUSIÓN

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "**REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS**", redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dña. Beatriz Pérez Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (86.304,73 EUROS) e de data da sinatura dixital 9 de febreiro de 2024 e visado con data 15 de febreiro de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(176).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DAS OBRAS DE “REMODELACIÓN DO ENLACE P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TREITOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL DE LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS”. EXPTE. 359/441.

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

11(177).- AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ESTACIÓNS DE RECARGA DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS E DE BANCADAS DE BICICLETAS ELÉCTRICAS EN APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS:

A) APARCADOIROS SITOS NA AVENIDA DE CASTELAO E A RÚA JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 4429/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado pola xefa do servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

“Adxudicar a UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449)”.

Na data 6 de marzo de 2020, segundo a acta que figura no mencionado expediente foron entregados os citados aparcamentos polo Concello a empresa adxudataria UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A

SOLICITUDE :

Na data 26 de outubro de 2023 Dona Pilar Pérez-Lafuente Varela en representación da unión temporal de empresas “WELGOOD TRANVIAS, UTE LEY 18/1982”, (abreviatura da UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A) en calidade de Xerente Única da UTE, tal e como se acredita mediante Escritura Pública de constitución outorgada ante o Notario de Vigo, D. Julio-Manuel Díaz Losada, de fecha 6 de agosto de 2018, con el número 1447 de su protocolo, presenta a seguinte solicitude:

“ Se solicita al Concello que, como administración titular de la concesión administrativa de aparcamientos de referencia, autorice la instalación en cada uno de los Aparcamientos de diez (10) estaciones de recarga de vehículos eléctricos, dotados de sistemas (cableado, tomas, barreras, sensores, anclajes, etc) para implantar recarga por pago excluyente, evitando que sean ocupadas por vehículos no eléctricos. Asimismo, en relación con la iniciativa para fomentar y mejorar la movilidad de última milla, se solicita a esta Administración autorización para integrar en cada uno de los Aparcamientos una bancada interior/ exterior con diez (10) vehículos eléctricos de 3 movilidad individual (bicicletas), localizadas de tal manera que no se restrinja el acceso a los usuarios de los Aparcamientos, tanto de entrada como de salida.

La implantación de la infraestructura de movilidad sostenible propuesta, que incluye puntos de recarga para vehículos eléctricos y la implementación de bancadas de alquiler de vehículos eléctricos individuales, junto con la introducción de equipos y sistemas para optimizar la gestión de las recargas y las reservas de plazas, cumple con la normativa urbanística vigente y se ajustaría a las disposiciones del Pliego de Condiciones Administrativas y Técnicas de la Concesión Administrativa.

En consecuencia, la propuesta presentada está alineada con los objetivos de movilidad sostenible y se ajusta a las medidas establecidas en el Plan de Movilidad Urbana Sostenible de Vigo. Además, esta iniciativa es compatible con el Proyecto de Gestión de los Aparcamientos y con el uso de aparcamiento contemplado en la normativa sectorial de aplicación. Es importante señalar que, como se ha mencionado anteriormente, esta propuesta también estaría armonizada” con los Objetivos de Desarrollo Sostenible de la Agenda 2030, la Agenda Urbana Española y la Estrategia de Movilidad Segura, Sostenible y Conectada trazada por el MITMA.:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

De conformidade co disposto no artigo 1 do prego de condicións técnicas e na cláusula 2 do prego de clausuras administrativas particulares para a contratación da xestión do servizo publico en réxime de concesión administrativa dos aparcadoiros subterráneos da

rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao aprobados na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data do 5 de marzo de 2018,

“No entanto, os licitadores poderán propor no proxecto de xestión dos aparcadoiros o desenvolvemento nos mesmos de usos compatibles aínda que impliquen unha diminución das prazas de aparcadoiro, sempre e cando non estean prohibidos pola normativa urbanística vixente e sexan compatibles co uso de aparcamento segundo a normativa sectorial que sexa de aplicación.”

INFORME:

A solicitude formulada consiste na instalacións de 10 estacións de recarga de vehículos eléctricos, e a instalación de bancadas con 10 vehículos eléctricos de uso individual (bicicletas) ; e adicionalmente se pretende acompañar a instalación mediante a integración de equipos e sistemas (hardware e software) para asegurar a compatibilidade co estándar OCPP (Open Chsrge Point Protocol e optimizar a xestión das recargas de coches eléctricos e as reservas de prazas e vehículos eléctricos de mobilidade individual.

No caso das estacións de recarga eléctrica supón una substitución das xa existentes a fin de adaptalas as melloras desenvolvidas no ámbito do mobilidade eléctrica.

Consultadas as normas urbanísticas vixentes no momento de efectuarse a solicitude: PXOU – 93 : uso GARAJE APARCAMIENTO no que se define o uso e inclúe os locais para o servizo de automóbil:

- b. GARAXE APARCAMENTO: Denomínase garaxe-aparcamento a todo lugar destinado á estancia de vehículos de calquera clase. Considéranse incluídas, dentro desta definición, os locais para o servizo de automóbil e lugares anexos de paso, espera, venda ou estancia de vehículos.

A vista do exposto enténdese que as instalacións solicitadas están incluídas no disposto no artigo 1 do prego de condicións técnicas e na cláusula 2 do prego de clausuras administrativas particulares para a contratación da xestión do servizo público en réxime de concesión administrativa dos aparcadoiros subterráneos da rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao aprobados na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data do 5 de marzo de 2018, e así, mesmo axustase a normativa urbanística vixente, polo que pode informarse favorablemente a solicitude presentada.

A autorización das instalacións propostas non afecta ao importe do canon regulado no artigo 7 do prego de condicións administrativas que rexe o contrato, xa que o mesmo é unha cantidade fixa anual e un pago único .

A competencia para a aprobación da solicitude formulada, de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. corresponden a Xunta de Goberno Local

Considerando o anterior formulase a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Autorizar a WELGOOD TRANVIAS UTE LEY 18/1982 a instalacións de 10 estacións de recarga de vehículos eléctricos, e a instalación de bancadas con 10 vehículos eléctricos de uso individual (bicicletas) nos aparcamentos subterráneos situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao dos cales é concesionario, por considerar que as citadas instalacións teñen cobertura legal no articulado do prego de condicións técnicas e no prego de clausuras administrativas particulares para a contratación da xestión do servizo publico en réxime de concesión administrativa dos aparcadoiros subterráneos da rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao aprobados na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data do 5 de marzo de 2018, sempre e cando a instalación se realice con estrita suxeición a normativa que regula as instalación obxecto da solicitude, e sen prexuízo de obter as autorizacións que sexan esixibles para seu uso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) APARCADOIROS SITOS NAS RÚAS POLICARPO SANZ , AREAL E PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 4430/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado pola xefa do servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Na sesión da Xunta de Goberno local de data 21 de maio de 2007 foi adxudicada a unión temporal de empresas formada por Eloymar, S.A. e Tranvías eléctricos de Vigo S.A. o lote 1 do concurso para a xestión do servizo publico mediante concesión para a construción e posterior xestión de tres aparcadoiros públicos para vehículos automóviles nas rúas Areal , Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz .

SOLICITUDE :

Na data 26 de outubro de 2023 D, Eloy Garcia Alvariza en representación da unión temporal de empresas Eloymar Tranvías Ute Ley 18/1982 en calidade de Xerente Único da UTE, tal e como se acredita mediante Escritura Pública de constitución outorgada ante o Notario de Vigo D. José- Luis Lorenzo Arean de data 1 de xuño de 2007 con numero 959 de su protocolo, presenta a seguinte solicitude:

“ Se solicita al Concello que, como administración titular de la concesión administrativa de aparcamientos de referencia, autorice la instalación en cada uno de los Aparcamientos de diez (10) estaciones de recarga de vehículos eléctricos, dotados de sistemas (cableado, tomas, barreras, sensores, anclajes, etc) para implantar recarga por pago excluyente, evitando que sean ocupadas por vehículos no eléctricos. Asimismo, en relación con la iniciativa para fomentar y mejorar la movilidad de última milla, se solicita a esta Administración autorización para integrar en cada uno de los Aparcamientos una bancada interior/ exterior con diez (10) vehículos eléctricos de

movilidad individual (bicicletas), localizadas de tal manera que no se restrinja el acceso a los usuarios de los Aparcamientos, tanto de entrada como de salida.

La implantación de la infraestructura de movilidad sostenible propuesta, que incluye puntos de recarga para vehículos eléctricos y la implementación de bancadas de alquiler de vehículos eléctricos individuales, junto con la introducción de equipos y sistemas para optimizar la gestión de las recargas y las reservas de plazas, cumple con la normativa urbanística vigente y se ajustaría a las disposiciones del Pliego de Condiciones Administrativas y Técnicas de la Concesión Administrativa.

En consecuencia, la propuesta presentada está alineada con los objetivos de movilidad sostenible y se ajusta a las medidas establecidas en el Plan de Movilidad Urbana Sostenible de Vigo. Además, esta iniciativa es compatible con el Proyecto de Gestión de los Aparcamientos y con el uso de aparcamiento contemplado en la normativa sectorial de aplicación. Es importante señalar que, como se ha mencionado anteriormente, esta propuesta también estaría armonizada” con los Objetivos de Desarrollo Sostenible de la Agenda 2030, la Agenda Urbana Española y la Estrategia de Movilidad Segura, Sostenible y Conectada trazada por el MITMA.:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

A concesión rexese polo prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006.

No artigo 61 nº 2 do mencionado prego establecece :

“ calquera outro uso que o concesionario pretenda establecer na zona de rotación do aparcadoiro deberá ser solicitado previamente axustándose a súa concesión ó establecido nas Normas Urbanísticas vixentes no momento da solicitude , prevalecendo estas prescricións sobre o indicado no presente prego

INFORME:

A solicitude formulada consiste na instalacións de 10 estacións de recarga de vehículos eléctricos, e a implementación de bancadas con 10 vehículos eléctricos de uso individual (bicicletas) ; e adicionalmente se pretende acompañar a instalación mediante a integración de equipos e sistemas (hardware e software) para asegurar a compatibilidade co estandar OCPP (Open Chsrge Point Protocol e optimizar a xestión das recargas de coches eléctricos e as reservas de prazas e vehículos eléctricos de mobilidade individual.

No caso das estacións de recarga eléctrica supón una substitución das xa existentes a fin de adaptalas as melloras desenvolvidas no ámbito do mobilidade eléctrica

Consultadas as normas urbanísticas vixentes no momento de efectuarse a solicitude: PXOU – 93 : uso GARAJE APARCAMIENTO no que se define o uso e inclúe os locais para o servizo de automóbil:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

b. GARAXE APARCAMENTO: Denomínase garaxe-aparcamento a todo lugar destinado á estancia de vehículos de calquera clase. Considéranse incluídas, dentro desta definición, os locais para o servizo de automóbil e lugares anexos de paso, espera, venda ou estancia de vehículos.

A vista do exposto enténdese que as instalacións solicitadas están permitidas de conformidade co disposto no artigo 61 nº 2 do mencionado prego , aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, en relación coas Normas urbanísticas Vixentes no momento da solicitude, polo que pode informarse favorablemente a solicitude presentada.

A autorización das instalacións propostas non afecta ao importe do canon regulado no artigo 62 do prego de condicións que rexe a concesión, xa que o mesmo aplicase soamente sobre o numero de prazas do aparcamento.

A competencia para a aprobación da solicitude formulada, de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. corresponden a Xunta de Goberno Local

Considerando o anterior formulase a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Autorizar a Eloymar Tranvías Ute Ley 18/1982 a instalacións de 10 estacións de recarga de vehículos eléctricos, e a instalación de bancadas con 10 vehículos eléctricos de uso individual (bicicletas) nos aparcamentos subterráneos situados nas rúas Policarpo Sanz, Areal e Pintor Colmeiro, dos cales é concesionario, por considerar que as citadas instalacións teñen cobertura legal no articulado do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006, sempre e cando a instalación se realice con estrita suxeición a normativa que regula as instalación obxecto da solicitude, e sen prexuízo da obrigaón de obter as autorizacións que sexan esixibles para o seu uso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) APARCADOIROS SITOS NA RÚA URZAIZ E NA PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 4431/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado pola xefa do servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Por Acordo Plenario de data 15/04/1999 adxudicouse a unión temporal “ Tranvías eléctricos de Vigo S.A. e Eloymar S.A. a concesión de dominio publico e explotación dos aparcamentos subterráneos na Praza da Independencia e na rúa Urzaiz .

SOLICITUDE :

Na data 26 de outubro de 2023 D. Eloy Garcia Alvariza en representación da unión temporal de empresas Eloymar y Tranvías Eléctricos de Vigo, Ute Ley 18/1982 en calidade de Xerente Único da UTE, tal e como se acredita mediante Escritura Pública de constitución outorgada ante o Notario de Pontevedra, D. Eduardo Méndez Apenela, de data 4 de novembro de 1999, con el número 5.175 de su protocolo, presenta a seguinte solicitude:

“ Se solicita al Concello que, como administración titular de la concesión administrativa de aparcamientos de referencia, autorice la instalación en cada uno de los Aparcamientos de diez (10) estaciones de recarga de vehículos eléctricos, dotados de sistemas (cableado, tomas, barreras, sensores, anclajes, etc) para implantar recarga por pago excluyente, evitando que sean ocupadas por vehículos no eléctricos. Asimismo, en relación con la iniciativa para fomentar y mejorar la movilidad de última milla, se solicita a esta Administración autorización para integrar en cada uno de los Aparcamientos una bancada interior/externa con diez (10) vehículos eléctricos de movilidad individual (bicicletas), localizadas de tal manera que no se restrinja el acceso a los usuarios de los Aparcamientos, tanto de entrada como de salida.

La implantación de la infraestructura de movilidad sostenible propuesta, que incluye puntos de recarga para vehículos eléctricos y la implementación de bancadas de alquiler de vehículos eléctricos individuales, junto con la introducción de equipos y sistemas para optimizar la gestión de las recargas y las reservas de plazas, cumple con la normativa urbanística vigente y se ajustaría a las disposiciones del Pliego de Condiciones Administrativas y Técnicas de la Concesión Administrativa.

En consecuencia, la propuesta presentada está alineada con los objetivos de movilidad sostenible y se ajusta a las medidas establecidas en el Plan de Movilidad Urbana Sostenible de Vigo. Además, esta iniciativa es compatible con el Proyecto de Gestión de los Aparcamientos y con el uso de aparcamiento contemplado en la normativa sectorial de aplicación. Es importante señalar que, como se ha mencionado anteriormente, esta propuesta también estaría armonizada” con los Objetivos de Desarrollo Sostenible de la Agenda 2030, la Agenda Urbana Española y la Estrategia de Movilidad Segura, Sostenible y Conectada trazada por el MITMA.:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

O prego de cláusulas administrativas particulares para adxudicar mediante concurso publico a redacción dos proxectos básicos e de execución, construción e explotación de dous aparcamentos subterráneos para vehículos en réxime de concesión administrativa no subsolo da rúa Urzaiz e Praza da Independencia, aprobado por Acordo Plenario na sesión na sesión de data 3 de agosto de 1998.

De conformidade co disposto na cláusula IX relativa ao réxime de uso e tarifas:

“ A explotación dos aparcamentos é compatible coa instalación do servizo de lavado de vehículos e outros servizos complementarios, sempre que non sexan os propios de taller mecánico

De conformidade co disposto na cláusula XII nº 4 apartado c), do mencionado prego entre os dereitos do concesionario esta

“ propoñer ó Concello cantas modificacións estime indispensables como melloras para a prestación do servizo “

INFORME:

A solicitude formulada consiste na instalacións de 10 estacións de recarga de vehículos eléctricos, e a instalación de bancadas con 10 vehículos eléctricos de uso individual (bicicletas); e adicionalmente se pretende acompañar a instalación mediante a integración de equipos e sistemas (hardware e software) para asegurar a compatibilidade co estandar OCPP (Open Chsrge Point Protocol e optimizar a xestión das recargas de coches eléctricos e as reservas de prazas e vehículos eléctricos de mobilidade individual.

No caso das estacións de recarga eléctrica supón una substitución das xa existentes a fin de adaptalas as melloras desenvolvidas no ámbito do mobilidade eléctrica.

A vista do exposto as actuacións solicitadas poden entenderse amparadas polo disposto nas cláusulas IX e XII do mencionado prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por Acordo Plenario na sesión de data 3 de agosto de 1998, polo que pode informarse favorablemente a solicitude presentada.

A autorización das instalacións propostas non afecta ao importe do canon regulado na cláusula VIII do prego de condicións, xa que o mesmo aplicase soamente sobre as prazas de aparcamento.

A competencia para a aprobación da solicitude formulada, de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014. corresponden a Xunta de Goberno Local

Considerando o anterior formulase a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Autorizar a Eloymar y Tranvías Eléctricos de Vigo UTE a instalacións de 10 estacións de recarga de vehículos eléctricos, e a instalación de bancadas con 10 vehículos eléctricos de uso individual (bicicletas) nos aparcamentos subterráneos situados na Praza da Independencia e na rúa Urzaiz, dos cales é concesionario, por considerar que as citadas instalacións teñen cobertura legal no articulado do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por Acordo Plenario na sesión de data 3 de agosto de 1998, sempre e cando a instalación se realice con estrita suxeición a normativa que regula a instalación obxecto da solicitude, e sen perxuício de obter as autorizacións que sexan esixibles para o seu uso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(178).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN DE VIGO CONVENCIÓN BUREAU PARA O SEU FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO DE 2024. EXPTE. 8622/104.

Visto o informe xurídico do 05/03/2024 e o informe de fiscalización do 15/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/02/2024, asinado pola técnica do servizo de Turismo, e conformado pola concelleira delegada da Área de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Con data 20 de febreiro de 2024 a Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB), solicita a través do Rexistro Xeral o primeiro pago da transferencia de financiamento para o ano 2024. Así mesmo, achega o Plan de actuación e orzamento 2024 e a certificación de non débedas co Concello de Vigo, certificación de non débedas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e con Facenda, así como a certificación da conta bancaria, e o certificado acreditativo de aprobación do plan de actuación e orzamento 2024 no padroado de data 6 de febreiro de 2024, e o certificado de representación para presentación mediante vía telemática ante o Concello de Vigo de escritos , solicitudes, documentación relacionados coa administración e xestión da FVCB, completando a documentación necesaria para a tramitación da transferencia ordinaria á FVCB.

LEXISLACION APLICABLE

- a) Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- b) Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- d) RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (LXS)
- e) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- f) Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- g) RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,
- h) Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- i) Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB)

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

- Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.
- Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Promoción en feiras nacionais e internacionais.

-Promoción da cidade como destino MICE.

A finalidade da fundación está ligada as competencias municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), e artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e concretamente en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

SEGUNDO.- DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

A FVCB solicita primeiro pagamento do da transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación Vigo Convention Bureau correspondente ao ano 2024.

No orzamento municipal consta consignación presupostaria por importe de 200.000€ en concepto de transferencia de financiación.

O artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración, cuxos orzamentos se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto se se destinan a financiar globalmente a súa actividade como á realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teña atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública e o artigo 38 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia dispón que <<.. *no tienen la consideración de subvenciones las aportaciones dinerarias nominativas a favor de los organismos y de las entidades vinculadas o dependientes de la Administración de la comunidad autónoma destinadas a financiar global o parcialmente su actividad con carácter indiferenciada*>>

A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións,

Aos efectos de proceder o pagamentos das achegas a FVCB achega a solicitude do primeiro pago correspondente a anualidade 2024 (Nº de documento 240063141) xunto coa seguinte documentación

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter débedas coa Seguridade Social.
- Número de conta bancaria.
- Plan de actuación e orzamento 2024.
- Certificado acreditativo de aprobación do plan de actuación e orzamento 2024 no padroado de data 6 de febreiro de 2024.
- Certificado acreditativo da representación para presentación mediante vía telemática ante o Concello de Vigo de escritos, solicitudes, documentación relacionados coa administración e xestión da FVCB de data 19.02.24

Así mesmo consta no expediente certificado de non débedas co Concello de Vigo

Revisado o Plan de actuación que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2024 no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fin fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dito Plan de actuación de acordo co disposto no artigo 15.2.d. dos Estatutos aprobouse na reunión do Padroado que tivo lugar o 6 de febreiro de 2024.

Por Resolución da Alcaldía de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal, e segundo o decreto de delegación de competencias específicas do Alcalde Área de Goberno de Política Social e Turismo, de data 30 de xuño de 2023, establece, entre outras funcións, a coordinación e dirección do turismo MICE e as relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau

As bases de execución do presuposto do exercicio 2024 non establecen ningunha normativa á que deberá suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Turismo só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é solicitado pola FVCB, xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

TERCEIRO.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA.-

No orzamento consta consignación orzamentaria por importe de 200.000 euros en concepto de "Aportación ordinaria FVCB" na partida orzamentaria 4320.4890000 do ano en vigor.

Por todo o exposto e coas conformidades da Concelleira delegada da área de Turismo e tras informe xurídico e da Intervención, faise a seguinte proposta,

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Transferir á FVCB, NIF:G-27.722.883 un importe de 200.000€ (dous centos mil), mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

- a) Primeiro pago de 100.000€ ingresarase tras a adopción do acordo da Xunta de Goberno Local.
 - b) Segundo pago de 50.000€, ingresarase na segunda quincena de xuño do 2024.
 - c) Terceiro pago de 50.000€, ingresarase na segunda quincena de outubro do 2024.
- 2.- A transferencia do financiamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4890000 "Aportación Ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau" do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, á conta 2080 5000 68 3040324245
- 3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puideran contratar.

SEGUNDO.- Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FVCB, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos coa FVCB:

PRIMEIRA.- REPRESENTACIÓN

Os Estatutos da FVCB aprobados en febreiro de 2010 recollen no seu art.14; "O Padroado é máximo órgano de goberno, representación e administración da FVCB", entre as súas funcións destaca segundo o art.15, "Aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas".

De acordo co art. 18, O Padroado contará con un Presidente e un Vicepresidente. A presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde do Concello de Vigo. A vicepresidencia da Fundación será exercida polo concelleiro delegado de Turismo.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FVCB

- 1.- Desenvolver o Plan de actuación presentado en data 20 de febreiro de 2024, asumindo a totalidade dos gastos que xere. A Concellería de Turismo do Concello de Vigo, non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio orzamentario.
- 2.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas.
- 3.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública o financiamento recibido do Concello de Vigo.
- 4.- Colaborar coa Concellería de Turismo do Concello de Vigo, en cantas actuacións turísticas realice.
- 5.- Comunicar á Concellería de Turismo do Concello de Vigo, coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

TERCERA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

- 1.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB.
- 2.- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento, de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é a Concellería de Turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2024.

QUINTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FVCB adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte da Concellería de Turismo do Concello de Vigo do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, no propio centro, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, e na visualización do logo do Concello de Vigo co da FVCB que empregárase en todos as publicacións, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira Delega de Xuventude e Turismo do Concello de Vigo e posicionarase en liña coa marca municipal.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas ao Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concelleira delegada da área de Política social e Turismo a prelación e características para cada caso.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberán estar previamente acordada coa Concelleira Delegada da Área de Política social e Turismo.

SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMIENTO DA FVCB

A FVCB achegará á Concellería delegada da área de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.

a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.

-Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello Vigo, na primeira quincena de xuño.

-Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de outubro.

-Terceiro informe xustificativo correspondente ao terceiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena do mes de decembro.

b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, na primeira quincena de decembro.

c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do Servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no perfil de transparencia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(179).- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 3/2024 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO (CRÉDITO EXTRAORDINARIO). EXPTE. 16520/407.

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

14(180).- APROBACIÓN INICIAL DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ENTRE A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL “PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL”, PARA A ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN CONXUNTA DA API DO ESPAZO DE CESIÓN E DO ESPAZO PÚBLICO VINCULADO Á LICENZA DO EDIFICIO SITO NA RÚA URZÁIZ 136-138. EXPTE. 5309/401.

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- .- Proxecto de convenio de colaboración coa Diocese de Tui- Vigo con motivo da celebración da Semana Santa de Vigo. Expte. 2361/150.
- .- Nomeamento de dous funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes de economista (A1)- OEP 2017-2018-2019. Expte. 43166/220
- .- Corrección de erros detectados na aprobación de criterios xerais para a provisión mediante o procedemento de concurso específico dos postos de traballo correspondentes subgrupos A1 e A2 de titulación. Expte. 41702
- .- Outorgamento do segundo bloque de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio. Expte. 62759/332.
- .- Subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e da Federación de Peñas recreativas "El Olivo" para a organización dos actos do Entroido 2024. Expte. 10046/335.
- .- Expediente prorrogado de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá do ano 2023. Expte. 11183/320.
- .- Expediente prorrogado de subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2023. Expte. 11239/320.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

15(181).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIOCESE DE TUI- VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA DE VIGO. Expte. 2361/150.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 20/03/2024 e o informe de fiscalización do 21/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado polo xefe do

Servizo de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá e Distritos, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 19.06.2023 e 28.06.2023 por Resolución da Alcaldía e acordo de Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023 delegouse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais don Ángel Rivas González as competencias en materia de Distritos

O Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 18 de marzo de 2024 e a proposta da Diocese de Tui – Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a proposta de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para financiar a celebración da Semana Santa de Vigo, por importe de 36.995 € euros.

En data 7 de marzo de 2024 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo), doc. 240081087, a Diocese achega solicitude de subvención para o financiamento da actuación achegando ao efecto memoria da actividade e presuposto, en data 14 de marzo de 2024 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo) achega certificación bancaria, declaración responsable, certificado de representación, DNI e con data 18 de marzo de 2024 (data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo) achega certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma.

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo ...). No expediente, no trámite 24. relacionase co expediente 2358/150



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

(AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA 2024) neste expediente consta a autorización á Concellería da Área de Distritos da Concelleira-Delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio de data 22.01.2024 da imputación do gasto por importe de **37.000 euros** (trinta e sete mil euros) á referida aplicación orzamentaria dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no apoio ás actividades vinculadas coa celebración do Semana Santa, que contribúen á promoción cultural da nosa cidade, debido á gran afluencia de persoas que acoden ás celebracións, e na importancia destas na organización da procesións de Semana santa.

A concesión da subvención directa instruméntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco.

Neste senso, conforme o sinalado no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consta memoria xustificativa da subvención. Así mesmo consta proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

Dita subvención instruméntase mediante sinatura de convenio específico para o financiamento das actividades relacionadas coa celebración da Semana Santa por importe de **36.995 €**, con cargo aos créditos orzamentarios na partida **9120.4800000** (Convenio Diócesis Tui-Vigo...) do presuposto municipal 2024.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior de data 17.08.2020.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na celebración da Semana Santa de Vigo (Anexo I)

SEGUNDO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de 36.995 € euros imputándose á partida presupostaria 9120.4800000 (Convenio Diócesis de Tui-Vigo...) do estado de gastos do presuposto.

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, xxxxx de xxxxxx de xxxxxx

REUNIDOS

Dunha parte, D. Ángel Rivas González, concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución da Alcaldía de delegacións de competencias de datas 19.06.2023, 28.06.2023 e 03.07.2023 e acordo de Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***9825>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2023. En diante "Diocese".

E, D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Goberno Local, aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III.- Que o Concello en data 15 de marzo de 2024 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

V.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 18 de marzo de 2024 a proposta da Diocese de Tui – Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas ca celebración da Semana Santa.

VI.- As Procesión de Semana Santa celébranse en Vigo desde tempos inmemoriais, tanto na zona centro da cidade como nas diferentes parroquias existentes no termo municipal , contando co apoio da cidadanía así como do Excmo. Concello de Vigo.

VII.- Que no presuposto do Concello consta a partida 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...)

E, na súa virtude, ambas Institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo comprométese

- a) Conceder directamente unha subvención por importe de **36.995 € (IVE incluído)** con cargo a partida 912.0.480.00.00 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...) co obxecto de coadxudar ao financiamento das actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.
- b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas nestes convenio.
- c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.
- d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.
- e) Financiamento do custe das actuacións previstas no programa presentado a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.
- f) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias
- g) Regular o tráfico nas rúas relacionadas co evento, carga e descarga e os accesos aos vados nas rúas peonís, información dos cortes de tráfico e saídas alternativas ao mesmo. Así como a retirada de mobiliario urbano nas rúas que recorren as distintas procesións.
- h) Autorizar o uso do dominio público



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...
- d) Dispoñer dun Plan de Autoprotección, se fose necesario, que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións sanitarias que deriven do mesmo e adoptar todas as medidas preventivas precisas.
- e) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 22702964/0 de UMAS Mutua de Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento;
- f) Xestionar medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- h) Publicitar as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- i) Comunicar á Concellería de Distritos as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios na programación, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- j) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O presuposto total da execución dos traballos ascende a 36.995 uros (IVE incluído).

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de 36.995,00 euros (IVE incluído) equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo á aplicación presupostaria partida 9120.4800000 (Convenio Diócesis Tui-Vigo...).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estos efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o 4 de novembro de 2024. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma

expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria A Banca da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa;

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítase a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- REINTEGRO



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o importe da subvención fíxase como unha achega por importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar aparte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

16(182).- NOMEAMENTO DE DOUS FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE ECONOMISTA (A1)- OEP 2017-2018-2019. EXPTE. 43166/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 20/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado pola técnica media de Relacións Laborais, o técnico de Administración Xeral, a xefa de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía dúas prazas de economista (A1), 1 pola quenda libre e 1 pola quenda promoción interna.

II.- En sesión de data 06/11/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de economista (A1), acordou:

En relación á quenda de promoción interna, "(...)Considerando o devandito resultado, o órgano de selección acorda declarar que o aspirante Varela Ballesteros, Pablo, con DNI: ***7632** superou o presente proceso selectivo e propón o seu nomeamento como funcionario de carreira para a praza de Economista (A1), accedendo pola quenda de promoción interna, derivada da oferta de emprego público do Concello de Vigo 2017-2018-2019 (3a Fase). Este acordo será elevado ao órgano competente para a adoptar o nomeamento proposto (Xunta de Goberno Local) (...)"

Respecto a quenda libre, "(...)Considerando as puntuacións obtidas, así como en cumprimento da base xeral 8.4.6 (Boletín Oficial de Pontevedra número 128, do 07.07.2020) que establece que o órgano de selección non poderá declarar que superou o proceso selectivo un maior número de aspirantes que o de prazas convocadas, o órgano de selección acorda que o aspirante que superou o proceso selectivo é Abad, Rodríguez, Óscar, con DNI: ***6953** e propón o seu nomeamento como funcionario de carreira para a praza de Economista (A1), accedendo pola quenda de libre, derivada da oferta de emprego público do Concello de Vigo 2017-2018-2019 (3a Fase). Este acordo será elevado ao órgano competente para a adoptar o nomeamento proposto (Xunta de Goberno Local)(...)"

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 15/11/2023.

IV.- Constan informes de verificación administrativa segundo os cales as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 29/02/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de economista (posto 65) así como a cobertura interina dunha das prazas:

"(...) - En Inspección de tributos (502), Posto 65 – Economista, dotación 3 - atópase cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2020 (expdte. 36886/220), por **D. O. ABAD RODRIGUEZ**, con DNI ***6953** que tomou posesión o 13/04/2020 con cargo á praza vacante de economista correspondente á oferta de emprego público do ano 2017 (...)"

VI. Toda vez que unha das prazas vacantes atópase cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2020, por unha das persoas propostas, deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á súa toma de posesión como funcionario de carreira con cargo á dita praza (no apartado terceiro do referido acordo xa se prevía a súa extinción automática no momento no que se cubrise definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación.- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego do Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do legislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la re-

gulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso proceden os nomeamentos como funcionarios de carreira, economistas, con cargo ás prazas vacantes (1 pola quenda libre e 1 promoción interna) enmarcadas no grupo A, subgrupo A1; escala administración especial; incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, a P. Varela Ballesteros e O. Abad Rodríguez, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como funcionario interino con cargo á praza vacante de economista, correspondente á oferta de emprego público do ano 2017, a **Óscar Abad Rodríguez, con DNI ***6953****, con efectos dende o día anterior da toma de posesión do mesmo interesado, que será nomeado funcionario de carreira con cargo á dita praza.

SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de economista, enmarcadas no subgrupo A1 de titulación, escala administración especial, subescala técnica, aos aspirantes que superaron todos os exercicios dos procesos selectivos e obtiveron as máximas puntuacións totais:

Na quenda de promoción interna, **Pablo Varela Ballesteros, con DNI: ***7632****
Na quenda libre, **Óscar Abad Rodríguez, con DNI: ***6953****

TERCEIRO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionario/a de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(183).- CORRECCIÓN DE ERROS DETECTADOS NA APROBACIÓN DE CRITERIOS XERAIS PARA A PROVISIÓN MEDIANTE O PROCEDEMENTO DE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES SUBGRUPOS A1 E A2 DE TITULACIÓN. EXPTE. 41702/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/03/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de marzo do 2024 (expediente electrónico nº 41.702/220) acordou o seguinte:

“Primeiro.- Acumular, de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os recursos de reposición interpostos contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/2023 (BOPPO, nº 218 do 13 de novembro do 2023) polo que se aproban os criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo A1 e A2 do Concello de Vigo (expediente electrónico nº 41.702/220); recursos que se relacionan no antecedente 2 do informe-proposta que antecede.

Segundo.- Estimar parcialmente os recursos de reposición interpostos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/2023, polo que se aproban os criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión definitiva mediante concurso específico dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 do Concello de Vigo (expediente electrónico nº 41.702/220) e citados no apartado primeiro do presente acordo, e en consecuencia deixar sen efecto a totalidade do acordo citado no presente apartado, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede.

Terceiro.- Inadmitir, en base á motivación legal exposta no informe-proposta que antecede, o recurso presentado por D. Pena González, D. en calidade de secretario da sección sindical do Sindicato Independiente do Concello de Vigo, ao ter sido presentado en forma extemporánea en data 19/12/2023 (documento nº 230413624)

Cuarto.- Aprobar os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023 e da rectificación dos erros detectados como consecuencia da estimación parcial dos recursos interpostos; criterios que se contemplan no **ANEXO I** do presente acordo, formando parte inseparable do mesmo.

Quinto.- Instar ás persoas funcionarias de carreira designadas como instructoras dos procesos de provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos de titulación A1 e A2 do Concello de Vigo (resolución administrativa de 10/11/2022 e concordantes) á emisión de informe-proposta contendo convocatoria e bases específicas rectoras das convocatorias de provisión definitiva dos postos de traballo que a cada unha delas corresponda instruír, en continuación das actuacións de execución da Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022; instando a efectiva tramitación dos respectivos expedientes de convocatoria dos postos, dos expedientes administrativos que ao efecto correspondan nas respectivas unidades administrativas xestoras de pertenza, consonte á calendarización procedente.

Sexto.- Notificar o presente acordo aos recorrentes, ás persoas designadas como instructoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo referenciados nos apartados anteriores, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade para coñecemento, e servizo xurídicos para comunicación ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo) e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

Sétimo.- Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

“CRITERIOS XERAIS PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABAJO CORRESPONDENTES AOS SUBGRUPOS A1 E A2 DE TITULACIÓN.

Como resultado do proceso de negociación desenvolto cos sindicatos, así como dos antecedentes e informes que constan no expediente, así como ao Plan de Igualdade do Concello de Vigo, os criterios xerais para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación que se propoñen son os seguintes:

Obxecto.- Constitúe o obxecto da proposta os criterios xerais que rexerán a convocadora e bases para a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva mediante o procedemento de concurso específico:

Baremo para puntuación dos méritos. Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliados:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

1.1.- PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional recollida no apartado 1.2.1 que exceda do límite máximo establecido no devandito apartado valorarase neste apartado de valoración de traballo desenvolvido (1.1.4) tendo en conta a distinción da puntuación por niveis de complemento de destino establecida nos subapartados anteriores.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- *Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.*
- *Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.*

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións públicaa. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- *Máster oficial universitario: 0,30 puntos.*
- *Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- *Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.*
- *Doutoramento: 0,70 punto*
- *Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.*

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- *Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.*
- *Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.*

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. *A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos.*

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- FORMACIÓN ESPECÍFICA (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.*
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.*

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

1.2. -SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciones, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- 1.- *Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento*
- 2.- *Plan de organización do traballo*
- 3.- *Proxecto de mellora funcional*
- 4.- *Conclusións*

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) *A estrutura formal e a claridade.*
- b) *O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.*
- c) *A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.*
- d) *Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación*
- e) *Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais*
- f) *Capacidade de resolución de conflitos*

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

As bases deberán recoller o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso da Comisión de valoración no cumprimento deste principio.”

2.- Detectado erro no Anexo I que forma parte inseparable do acordo adoptado, e consistente na remisión que efectúa o apartado 1.1.4 a un apartado 1.2.1 que non existe, ao eliminarse da redacción final dos criterios tras a estimación dos recursos, procede rectificar o mesmo, debendo quedar redactado como seguidamente se indica:

-Redacción aprobada e contida no apartado 1.1.4 do acordo adoptado:

“1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional recollida no apartado 1.2.1 que exceda do límite máximo establecido no devandito apartado valorarase neste apartado de valoración de traballo desenvolvido (1.1.4) tendo en conta a distinción da puntuación por niveis de complemento de destino establecida nos subapartados anteriores.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

-Redacción que se propón efectuada a rectificación, consistente na eliminación da referencia ao apartado 1.2.1:

“1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- SOBRE A RECTIFICACIÓN DE ERROS NOS ACTOS ADMINISTRATIVOS

A facultade das Administracións Públicas para a rectificación dos erros detectados nos seus actos está expresamente contemplada no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) ao establecer que “las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

En consecuencia, e en garantía da plena seguridade xurídica das actuacións administrativas tendentes á efectiva execución da Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022, procede rectificar o erro salientado nos antecedentes, procedendo á notificación aos interesados, a dar conta ao xulgado encargado da execución e á preceptiva publicación nos diarios e boletíns oficiais que ao efecto correspondan.

II.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O art. 4.1., apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñece aos municipios, entre outras, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación, respectivamente.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da mesma norma básica; sendo igualmente competente para a rectificación dos erros detectados nos propios acordos.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023) sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) o erro detectado no Anexo I que forma parte inseparable do acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de marzo do 2024 (expediente nº 41.702/220) e consistente na errónea remisión que efectúa o apartado 1.1.4 a un apartado 1.2.1 que non existe, ao eliminarse da redacción final dos criterios tras a estimación dos recursos, debendo quedar redactado como seguidamente se indica:

Onde dí:

“1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional recollida no apartado 1.2.1 que exceda do límite máximo establecido no devandito apartado valorarase neste apartado de valoración de traballo desenvolvido (1.1.4) tendo en conta a distinción da puntuación por niveis de complemento de destino establecida nos subapartados anteriores.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

-Debe dicir:

“1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)”

Segundo.- *Manter os restantes aspectos do acordo adoptado, citado no anterior apartado Primeiro, dispoñendo a incorporación da rectificación efectuada ao ANEXO I, que forma igualmente parte inseparable do presente acordo.*

Terceiro.- *Notificar o presente acordo aos recorrentes, ás persoas designadas como instructoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo referenciados nos apartados anteriores, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade para coñecemento, e servizo xurídicos para comunicación ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo) e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.*

Cuarto.- *Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

ANEXO I

“CRITERIOS XERAIS PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES AOS SUBGRUPOS A1 E A2 DE TITULACIÓN.

Como resultado do proceso de negociación desenvolto cos sindicatos, así como dos antecedentes e informes que constan no expediente, así como ao Plan de Igualdade do Concello de Vigo, os criterios xerais para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación que se propoñen son os seguintes:

Obxecto.- Constitúe o obxecto da proposta os criterios xerais que rexerán a convocadora e bases para a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva mediante o procedemento de concurso específico:

Baremo para puntuación dos méritos. Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

1.1.- PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.
- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.
- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións públicaa. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorara-

se o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concurse e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.*
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.*
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.*
- Doutoramento: 0,70 punto*
- Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.*

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.*
- Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.*

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

B).- Méritos específicos. A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- FORMACIÓN ESPECÍFICA (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

1.2. -SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condiciones, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento*
- 2.- Plan de organización do traballo*
- 3.- Proxecto de mellora funcional*
- 4.- Conclusións*

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.*
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.*
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.*
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación*
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais*
- f) Capacidade de resolución de conflitos*

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate. - *En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica*

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido*
- b) Polo grao persoal consolidado*
- c) Cursos de formación e perfeccionamento*
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa*
- e) Sexo infrarrepresentado*
- f) Sorteio*

As bases deberán recoller o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso da Comisión de valoración no cumprimento deste principio."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(184).- OUTORGAMENTO DO SEGUNDO BLOQUE DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO. Expte. 62759/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 21/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/03/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de novembro de 2023 adoptou os seguintes acordos:

“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).*
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.*
- Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.”*

2.- As referidas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023 e o e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS no BOPPO núm. 227, do 24 de novembro de 2023, así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme á base décima o prazo de presentación de solicitudes foi de dous meses contados a partir do día seguinte á data de publicación do dito extracto da convocatoria, finalizando o prazo o 24/01/2024, no que resultou a presentación de 17.403 solicitudes.

3.- A base segunda das reguladoras das “Axudas Municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” establece que a concesión destas axudas se realizará en réxime de concorrència competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

4.- A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados", dotada con 5.842.500,00 euros.

5.- A base décimo segunda das devanditas bases recolle no seu punto segundo que *"tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente , a medida que avance o proceso de verificación."*

6.- En consonancia co anterior, Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de febreiro de 2024 adoptou os seguintes acordos, relativos a un primeiro bloque de concesións das solicitudes verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024:

"PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo (8.535 solicitudes) as "axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio" coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 "P. extr. axudas familias con fillos escolarizados"

SEGUNDO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas neste primeiro bloque de solicitudes verificadas ata o 9 de febreiro de 2024 (Anexo 1) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso- administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución."

7.- En data 15 de marzo de 2024 reuniuse a Comisión de Seguimento referida na base décimo sexta. Nesta reunión deuse conta á Comisión da finalización do proceso de verificación do segundo bloque de solicitudes, tras a comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos nas bases e a presentación da documentación requirida. Nesta fase do procedemento revisáronse 8.868 solicitudes resultando:

- 8.278 solicitudes cumpren os requisitos da convocatoria polo que procede a concesión da axuda (Anexo 2).

- 590 solicitudes non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen aportado a documentación esixida (Anexo 3). No dito anexo distínguense as 233 solicitudes parcialmente concedidas. Neste suposto conforme á base décimo primeira

procede requirir aos/ás solicitantes para que no prazo de 10 días hábiles emenden a solicitude ou completen a documentación requirida.

A vista destes datos a Comisión de Seguimento propón que se tramite a concesión do segundo bloque de axudas das solicitudes que cumpren os requisitos (Anexo 2) e, por outra parte, que se requira a emenda das solicitudes incompletas ou que non acrediten o cumprimento dos requisitos. (Anexo 3).

Estas últimas solicitudes, unha vez presentada a documentación necesaria, volverán a ser obxecto de verificación e co resultado deste proceso formularase unha nova proposta de concesión das axudas para as solicitudes nas que concorran os requisitos requiridos e de denegación das solicitudes que non xustifiquen o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tendo en conta as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio para o curso 2023/24, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as “axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de **2.321.420,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados”.

SEGUNDO.- Requirit aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 2) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 3) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(185).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS E DA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2024. EXPTE. 10046/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 21/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

De conformidade co art. 116.1 e D.Ad.2ª.4 da LCSP e coas delegacións de competencias adoptadas por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 23/06/2023 e 26/06/2023 e o acordos da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2023, a Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal ten entre as súas competencias a xestión do Programa do **Entroido 2024**, que tivo lugar na nosa cidade entre os días 9 e 14 febreiro, segundo a programación que consta neste expediente.

Por este motivo, con data 23 de xaneiro de 2024, a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu que se iniciase un expediente necesario para a concesión da subvención nominativa a favor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e da Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (en adiante “Comisión Organizadora”) por importe de 87.000 € (oitenta e sete mil euros)” para a organización do ENTROIDO 2024.

Dende o ano 1996, véñense realizando con ambas as dúas entidades convenios para o mesmo fin, así como similares, cun resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

A xustificación desta subvención nominativa vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e a conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais,

ofertados polas entidades locais. As dúas entidades asociativas propostas aglutinan a maior parte do movemento asociativo da nosa cidade nos ámbitos sectoriais da cultura e das peñas recreativas.

Así mesmo no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, entendendo como tal aquela na que alomenos a súa dotación presupostaria e beneficiario apareza determinado no estado de gastos do presuposto, de xeito que as condicións e compromisos se determine na resolución de concesión e, no seu caso, nos convenios a través dos cales se canalicen as subvencións e con carácter excepcional, daquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitaria, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar a subvención que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A proposta do texto do convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público e que permiten regular os termos da concesión.

O presuposto total, incluído no expediente, da achega ascende, segundo o detalle presentado pola comisión organizadora a 123.000 euros, que incluírá todos os gastos que se xeren como consecuencia da programación e premios dos concursos recollidos nas bases deste expediente.

No vixente programa orzamentario na aplicación 3380.480.0002 (convenio organización entroido) se prevé a concesión nominativa e directa dunha subvención por importe de 87.000 €, para organización do Entroido 2024, que será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 40.720,00 € (corenta mil setecentos vinte euros).

b) A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade 46.280,00 € (corenta e seis mil douscentos oitenta euros).

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e Agrupación de Centros Deportivos e Culturais non están incursoas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchanse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teñen débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

De conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da concesión da subvención nominativa, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do que antecede, e coa conformidade da Concelleira da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, e tras os informes favorables Xurídico e da Intervención Xeral, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.

PRIMEIRO: Concesión dunha subvención directa nominativa a favor das entidades Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 e Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF- G-36.704.666, pola organización dos actos do Entroido 2024.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto total de 87.000,00 euros a favor das entidades Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, (CIF G-36.791.291) con enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 baixo e da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, (CIF- G-36.704.666) con enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº5, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación que figura na documentación do expediente núm. 10046-335. Este crédito é con cargo á partida 3380.4800002 do vixente orzamento.

A subvención municipal será asignada entre as dúas entidades do seguinte xeito:

- a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 40.720,00 € (corenta mil setecentos vinte euros)
- b) A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade 46.280,00 € (corenta e seis mil douscentos oitenta euros)

A concesión da subvención queda suxeitas as seguintes condicións e compromisos:

CONDICIÓN

Primeiro.- A COMISIÓN ORGANIZADORA comprométese a colaborar co Servizo de Festas do Concello de Vigo en canto a organización dos actos do Entroido 2024 que tivo lugar no centro da cidade do día 9 ao 14 de febreiro de 2024, conforme ao programa recollido no Anexo deste expediente, e concretamente:

1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.
2. Achegar a información sobre os tipos de espectáculos e actividades previstos e realizar unha previsión aproximada de asistencia do público.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. En canto a instalación e montaxe das infraestruturas necesarias para a produción, deberán contar coas certificacións técnicas esixibles e, no caso de tratarse de maquinaria e/ou vehículos, contar coa declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente a escenarios móbiles ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do mesmo (asinado polo técnico competente) e os boletíns eléctricos de instalación (asinados polo técnico competente).
5. Deberá presentar neste concello, con carácter previo á celebración dos actos previstos no seu programa de actividades do Entroido, o correspondente Plan de Autoprotección e de Medidas de emerxencias para o desenvolvemento da programación do Entroido 2024, con indicación expresa do seu responsable.
6. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios. Así mesmo terán que nomear os/as “Xefes/as de Equipo” encargados da coordinación das persoas voluntarias, (ata oito xefes de equipo por entidade). Con respecto as persoas voluntarias levarán durante o desenvolvemento das actividades nas que participen, en concreto durante o concurso de comparsas e carrozas do día 18 de febreiro, o chaleco identificativo de Voluntario. Tanto o persoal contratado polas entidades, como as persoas voluntarias terán prohibido o consumo de alcohol e tabaco durante o desenvolvemento das actividades recollidas no programa.
7. Comprobar o día anterior e o mesmo día do desfile do concurso de comparsas e carrozas que a altura da iluminación do Entroido 2024, permite o paso das carrozas e máis de calquera elemento de animación inscritos nas comparsas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

8. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento dos eventos; a comisión ORGANIZADORA entregará ao Concello copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa. O importe da póliza cumprirá o establecido na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
9. Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente cumprir os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
10. Cumprimento do establecido no Plan de Autoprotección para o actos do Entroido 2024 ao amparo do previsto no Decreto 171/2010 e RD 393/2007 polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección que esixe o Plan de Autoprotección cando o evento popular supere o aforo de 20.000 persoas.
11. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable o a licenzia á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada o solicitada pola persoa titular da instalación.
12. Realizar as contratacións necesarias para o desenvolvemento do programa de acordo cos límites establecidos polos arts. 29 da LXS e 27 da LSG:
13. Devolver os equipamentos cedidos polo Concello e os lugares onde se desenvolvan as actividades nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión ORGANIZADORA, dentro do período de vixencia do presente convenio.
14. Asumir todos os seguros relativos ás infraestruturas, actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.
15. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.
16. Presentar na Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da

factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).

17. Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo.
18. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.
19. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen o desfile-concurso de comparsas, concursos de disfraces infantil e adultos e enterro do Meco nos lugares de concentración e percorrido establecidos.
20. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces previstos, conforme as bases e que se achega ao expediente e no presuposto.
21. A comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Achegar as cantidades propostas para colaborar na financiación do programa do ENTROIDO 2024, segundo o presuposto que figura no expediente.
 - a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 40.720,00 € (corenta mil setecentos vinte euros)
 - b) A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666 a cantidade 46.280,00 € (corenta e seis mil douscentos oitenta euros)
2. A presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias.
3. O Servizo de Festas facilitará na medida do posible a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2024 recollida na programación.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicas ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividades subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade subvencionada realizarase por transferencia bancaria á conta corrente da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

a) Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 40.720,00 € (corenta mil setecentos vinte euros) por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES42 2080 5027 2130 4002 2883, da entidade bancaria ABANCA,

b) A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666 a cantidade 46.280,00 € (corenta e seis mil douscentos oitenta euros) transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285, da entidade bancaria ABANCA,

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- Xustificación

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a COMISIÓN ORGANIZADORA está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos,

informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2024, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

No caso de que a Comisión organizadora se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se as Entidades se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e que se atopan recollidos no anexo II ao convenio, e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- Existencia de consignación orzamentaria. O Concello de Vigo na partida 3380.4800002 dunha subvención por importe de 87.000,00.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo cuarto.- O mecanismo de seguimento da execución das actividades subvencionadas establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo quinto.- A presente subvención terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2024 e non será prorrogábel.

Décimo sexto.- O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación das actividades contempladas nesta subvención, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo sétimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo oitavo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.

Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(186).- EXPEDIENTE PRORROGADO DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2023. EXPTE. 11183/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de 19/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/03/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 8 de xuño de 2023, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2023.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 118 do 20 de xuño de 2023, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (26 de xuño de 2023).

II. O concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, conforme ao establecido no apartado 11^a das bases da convocatoria procedeu ao nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración, que unha vez reunida en xuntanza do 23/08/2023, conforme á información e documentación obrante no expediente, procedeu a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes, acordando estimar a relación das corenta e cinco (45) entidades as que se lle propón conceder

subvención, para os Programas para os que solicitou axuda, así como desestimar (total ou parcialmente) as solicitudes que non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria, e ter por desistida a solicitude achegada no documento nº: 230291062 o 12.09.2023.

O proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados nos baremos que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos criterios de valoración establecidos na cláusula décima das bases reguladoras da convocatoria.

III. Formulada a correspondente proposta, foi fiscalizada favorablemente pola Intervención Xeral Municipal en data 20/10/2023.

IV. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 27 de outubro de 2023, aprobouse o acordo de concesión con identificación das beneficiarias e contía outorgada, así como a desestimación e desistimento, respectivamente, das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2023. Así mesmo, acordouse modificar o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ao día **15 de NOVIEMBRE de 2023** e consecuentemente, considerar como gastos subvencionables os realizados dende o 2 de novembro de 2022 ata a nova data de finalización do prazo de xustificación (15 de novembro de 2023).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O presente procedemento de subvencións iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramitouse en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co art. 22.1 da LXS.

EXPEDIENTE PRORROGADO:

Debido ao retraso producido na tramitación das presentes subvencións, este servizo xestor non tramitou toda a xustificación das ditas subvencións no ano do outorgamento, polo que cómpre que a imputación orzamentaria se faga con cargo ao crédito deste ano 2024, de xeito que as entidades beneficiarias que xustificaron dentro do prazo, non perdan o dereito.

As Bases de Execución do Orzamento Municipal establecen o seguinte:

- **Base 38 de execución do Orzamento:** non caberá a posibilidade de que unha subvención concedida no ano poida ser incorporada como remanente ao orzamento do ano seguinte, polo que, se a beneficiaria non xustificou dentro do prazo, perderá o dereito, e se o servizo xestor non tramitou a xustificación no ano do outorgamento,



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

a imputación orzamentaria farase con cargo ao crédito do ano seguinte, diminuíndo a dispoñibilidade de crédito dese ano...

· **Base 29 de execución do Orzamento:** os expedientes de gasto iniciados nun exercicio e que por calquera causa non se chegue a concretar a contía do seu compromiso poderán terminarse no seguinte exercicio.

Non cómpre para iso repetir os informes emitidos e os trámites realizados, sempre que non se modifiquen as circunstancias de feito e de dereito existentes no momento de emitilos ou realizalo e sempre que exista crédito adecuado e suficiente.

Xa que logo, faise necesaria a tramitación desta convocatoria de subvencións como expediente prorrogado ao non concretarse o compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamentos do ano 2024, no que existe crédito adecuado e suficiente nas partidas orzamentarias 9240 4890000 "Subvencións a entidades cidadás", cunha dotación de 250.000,00 €, e/ou á partida orzamentaria 9240 7800010 "Subvencións Capital Asociacións e Atrios", dotada con 200.000,00 €.

A contía total dos pagos pendentes con cargo ao ano 2024 ascende a un total de **176.200,00 €**, distribuídos da seguinte maneira:

Programas I e II : 117.700,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 "Subvencións a entidades cidadás", a cal conta cunha dotación de 250.000,00 €.

Programas III e IV: 58.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 7800010 "Subvencións Capital Asociacións e Atrios", dotada con 200.000,00 €.

De conformidade co anteriormente exposto e, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, formúlase á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar a tramitación do expediente 11183/320 correspondente á "Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2023, como expediente prorrogado de gasto con cargo aos vixentes orzamentos municipais do 2024, constando crédito adecuado e suficiente nas partidas orzamentarias 9240 4890000 "Subvencións a entidades cidadás" e/ou á partida orzamentaria 9240 7800010 "Subvencións Capital Asociacións e Atrios", de acordo aos informes emitidos e os trámites realizados que constan no dito procedemento, tendo en conta, que a contía dos gastos pendentes de pago ascende a un total de **176.200,00 €**, distribuídos da seguinte maneira:

Programas I e II : 117.700,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000 “*Subvencións a entidades cidadás*”, a cal conta cunha dotación de 250.000,00 €.

Programas III e IV: 58.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9240 7800010 “*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*”, dotada con 200.000,00 €.

SEGUNDO: Dar conta da presente proposta á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(187).- EXPEDIENTE PRORROGADO DE SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION E DIFUSION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS PARA O ANO 2023. Expte. 11239/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de 19/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/03/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 1 de setembro de 2023, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o financiamento de gastos de organización de actos sociais e encontros veciñais para a ano 2023.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 179 do 15 de setembro de 2023, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días naturais, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (20 de setembro de 2023).

II. O concelleiro da Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, conforme ao establecido no apartado 11^a das bases da convocatoria procedeu ao nomeamento dos titulares da Comisión de Valoración, que unha vez reunida en xuntanza do 19 de outubro de 2023, conforme á información e documentación obrante no expediente, procedeu a realizar a avaliación das solicitudes presentadas cos resultados expostos na acta da comisión asinada por todos os seus compoñentes, acordando estimar a relación das vinte e unha (21) entidades as que se lle propón conceder subvención, para os Programas para os



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

que solicitou axuda, así como tamén desestimar (total/parcialmente) as solicitudes e retirar conceptos non subvencionables, que non cumprían cas condicións e requisitos establecidos nas bases

O proceso de outorgamento das subvencións realizouse en base aos cálculos detallados nos baremos que constan no expediente da convocatoria, e conforme aos criterios de valoración establecidos na cláusula décima das bases reguladoras da convocatoria. Cabe sinalar que nesta convocatoria realizouse a baremación das solicitudes recibidas, se ben, non se adxudican as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, xa que, o crédito dispoñible é superior ao importe solicitado polo conxunto das entidades solicitantes unha vez aplicados os límites fixados na presente convocatoria.

III. Formulada a correspondente proposta, foi fiscalizada favorablemente pola Intervención Xeral Municipal en data 13/11/2023.

IV. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 17 de novembro de 2023, aprobouse o acordo de concesión con identificación das beneficiarias e contía outorgada, así como a desestimación, respectivamente, das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2023. Así mesmo, acordouse modificar o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ata o día **30 de novembro de 2023**.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O presente procedemento de subvencións iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramitouse en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co art. 22.1 da LXS.

EXPEDIENTE PRORROGADO:

Debido ao retraso producido na tramitación das presentes subvencións, este servizo xestor non tramitou toda a xustificación das ditas subvencións no ano do outorgamento, polo que cómpre que a imputación orzamentaria se faga con cargo ao crédito deste ano 2024, de xeito que as entidades beneficiarias que xustificaron dentro do prazo, non perdan o dereito.

As Bases de Execución do Orzamento Municipal establecen o seguinte:

· **Base 38 de execución do Orzamento:** non caberá a posibilidade de que unha subvención concedida no ano poida ser incorporada como remanente ao orzamento do ano seguinte, polo que, se a beneficiaria non xustificou dentro do prazo, perderá o dereito, e se o servizo xestor non tramitou a xustificación no ano do outorgamento, a imputación orzamentaria farase con cargo ao crédito do ano seguinte, diminuíndo a dispoñibilidade de crédito dese ano...

· **Base 29 de execución do Orzamento:** os expedientes de gasto iniciados nun exercicio e que por calquera causa non se chegue a concretar a contía do seu compromiso poderán terminarse no seguinte exercicio.

Non cómpre para iso repetir os informes emitidos e os trámites realizados, sempre que non se modifiquen as circunstancias de feito e de dereito existentes no momento de emitilos ou realizalo e sempre que exista crédito adecuado e suficiente. Xa que logo, faise necesaria a tramitación desta convocatoria de subvencións como expediente prorrogado ao non concretarse o compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamentos do ano 2024, no que existe crédito adecuado e suficiente na **partida orzamentaria 9240 4890015 “Subvencións a entidades cidadás ACTOS”**, cunha dotación de 100.000,00 €. A contía total dos pagos pendentes con cargo ao ano 2024 ascende a un total de **77.581,64 €**.

De conformidade co anteriormente exposto e, previo informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, formúlase á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar a tramitación do expediente 11239-320 correspondente á “Convocatoria de subvencións para a organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais para o ano 2023”, como expediente prorrogado de gasto con cargo aos vixentes orzamentos municipais do 2024, constando crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 9240 4890015 “*Subvencións a entidades cidadás ACTOS*”, cunha dotación de 100.000,00 €, de acordo aos informes emitidos e os trámites realizados que constan no dito procedemento, tendo en conta que a contía total dos pagos pendentes con cargo ao ano 2024 ascende a un total de **77.581,64 €**.

SEGUNDO: Dar conta da presente proposta á Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(188).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1647/1102

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez